

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO CONCELLO DE FORCAREI
CELEBRADA O DÍA 17 DE DECEMBRO DE 2015.**

ASISTENTES	
	GRUPO POLÍTICO
ALCALDESA:	
D ^a Belén Cachafeiro Anta.	PP
CONCELLEIROS:	
D Ricardo Villaverde Iglesias.	PP
D. Vicente Búa Martínez.	PP
D ^a María Jesús Sineiro Vidal.	PP
D. Alejo Vidal Moreno.	PP
D. José Francisco Bouzas Vázquez	PP
D ^a Ana Isabel Doval Fraiz.	PS de G -PSOE
D. Miguel Pereira Fernández	PS de G -PSOE
D ^a María Abilleira Pomar.	F.F
D Roberto Jorge Correa.	BNG
Falta previa excusa:	
D. José Manuel Álvarez Sanmartín	PS de G -PSOE
SECRETARIA:	
D ^a . M ^a Elena Sueiro Fernandez	

En Forcarei a 17 de decembro de 2015, xoves, sendo as once horas trece minutos no Salón de Plenos da Casa Consistorial, previa convocatoria para o efecto, reúnense, en primeira e pública convocatoria, os señores concelleiros que se relacionan na marxe, co obxecto de celebrar sesión ordinaria do Pleno da Corporación do Concello de Forcarei.

A tódolos asistentes entregóuselles copia da orde do día, cos asuntos para tratar, poñéndose á súa disposición o expediente da sesión e cumprindo os trámites esixidos pola normativa vixente. Estando presente o quórum necesario, pola Sra. Presidenta declárase validamente constituída a sesión.

Pásase a continuación a trata-los seguintes asuntos incluídos na orde do día:

1.- LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES DE DATAS 15/10/2015 E 23/11/2015

A Sra. Alcaldesa da conta dos borradores das actas correspondentes ás datas sinaladas na orde do día, preguntando se algún membro da Corporación desexa formular observacións ou rectificacións ás mesmas.

Sometidas a votación, son aprobadas, por unanimidade de membros presentes, as seguintes actas da sesión do pleno da corporación de data 15 de outubro de 2015, e acta da sesión extraordinaria do pleno da corporación de data 23 de decembro de 2015.

2.- DACION DE CONTA RESOLUCIÓNS E DECRETOS DE ALCALDÍA.

Pola Presidencia enténdese dada conta destas resolucións que, xunto coa súa relación, estiveron á disposición dos Sres. Concelleiros dende a convocatoria da sesión, quedando enterada a Corporación Municipal.

3.- DACION DE CONTADAS ACTAS DA XGL.

Dáse conta das actas da Xunta de Goberno Local seguintes, quedando enterada a Corporación Municipal:

Nº ACTA	DATA
12/2015	25/06/2015
13/2015	02/07/2015
14/2015	15/07/2015



15/2015	30/07/2015
16/2015	27/08/2015
17/2015	11/09/2015
18/2015	24/09/2015
19/2015	08/10/2015
20/2015	22/10/2015
21/2015	05/11/2015
22/2015	18/11/2015

4.- DACION DE CONTA DO ENVÍO DE INFORMES AO MINHAP

Pola Secretaría Interventora da Corporación dáse conta do envío en tempo e forma dos seguintes ficheiros ó MINHAP:

- Con data 23 de outubro de 2015 remitiuse a execución trimestral do orzamento, 3ºT do 2015.
- Con data 29 de outubro de 2015 remitíronse os datos relativos ó 3ºT do PMP, de conformidade co artigo 4.1b da Orde HAP/2015/2012 de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na LO 2/2012 de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira e de conformidade co establecido na DT única do RD 635/2014 de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das administracións públicas, e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos réximes de financiamento, previstos na LO 2/2012 de 27 de abril de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira.
- Con data 5 de novembro de 2015 remitíronse os datos relativos ó custe efectivo dos servizos públicos 2014.

5.- DÍAS ADICIONAIS DE VACACIÓNS E ASUNTOS PARTICULARES DO PERSOAL MUNICIPAL.

Pola Sra. Alcaldesa dáse lectura á proposta que se presenta ó pleno que literalmente di:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Pola Alcaldía- Presidencia, e dando cumprimento ao disposto no Real Decreto Lei 10/2015, de 11 de setembro, polo que se conceden créditos extraordinarios e suplementos de crédito no orzamento do Estado e se adoptan outras medidas en materia de emprego público e de estímulo á economía, e en base ás competencias atribuídas pola lexislación vixente, dáse traslado ao Pleno da Corporación a seguinte

PROPOSTA

Primeiro.- Establecer, para o persoal do Concello de Forcarei, os seguintes días adicionais de libre disposición por antigüidade con efectos do ano 2016 e seguintes: “Atendendo á súa antigüidade na Administración Pública, o persoal do Concello de Forcarei terá dereito ao disfrute de dous días adicionais de permiso por asuntos particulares ao cumprir o sexto trienio, que se incrementarán nun día adicional por cada trienio cumprido a partir do octavo”.

Segundo.- Establecer, para o persoal do Concello de Forcarei, os seguintes días adicionais de vacacións por antigüidade con efectos do ano 2016 e seguintes: “Atendendo á súa antigüidade na Administración Pública, o persoal do Concello de Forcarei terá dereito ao disfrute de un día hábil adicional de vacacións ao cumprir quince anos de servizo, ao que se engadirá un día hábil máis ao cumprir os vinte, outro aos vintecinco e outro aos trinta anos de servizo.”

Aberta a quenda de intervencións non se produce ningunha.

Sometido o asunto a votación resulta aprobado por unanimidade de membros presentes, que supón maioría



absoluta do número legal de membros da corporación, o seguinte acordo:

Dando cumprimento ao disposto no Real Decreto Lei 10/2015, de 11 de setembro, polo que se conceden créditos extraordinarios e suplementos de crédito no orzamento do Estado e se adoptan outras medidas en materia de emprego público e de estímulo á economía o Pleno acorda:

Primeiro.- Establecer, para o persoal do Concello de Forcarei, os seguintes días adicionais de libre disposición por antigüidade con efectos do ano 2016 e seguintes: "Atendendo á súa antigüidade na Administración Pública, o persoal do Concello de Forcarei terá dereito ao disfrute de dous días adicionais de permiso por asuntos particulares ao cumprir o sexto trienio, que se incrementarán nun día adicional por cada trienio cumprido a partir do octavo".


Segundo.- Establecer, para o persoal do Concello de Forcarei, os seguintes días adicionais de vacacións por antigüidade con efectos do ano 2016 e seguintes: "Atendendo á súa antigüidade na Administración Pública, o persoal do Concello de Forcarei terá dereito ao disfrute de un día hábil adicional de vacacións ao cumprir quince anos de servizo, ao que se engadirá un día hábil máis ao cumprir os vinte, outro aos vintecinco e outro aos trinta anos de servizo."

6.- APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO MUNICIPAL PARA O EXERCICIO 2016.

A Sra. Alcaldesa expón que o orzamento que se presenta á aprobación do pleno ten un importe tanto en gastos como en ingresos de 2211.222,00 €, e fai un resumo dos ingresos e gastos por capítulos. Expón que apostan pola xestión, a estabilidade e a contención do gasto que sempre caracterizou a este grupo de goberno, e que tan bos resultados dou para os veciños de Forcarei, que sen aumentar os impostos hoxe teñen un concello sen débeda, polo que todos os recursos son destinados directamente en mellorar os servizos dos veciños, mellorando nas aldeas, facendo beirarrúas, e limpando todas as aldeas, que é tamén onde viven os nosos veciños. Di que os orzamentos se caracterizan pola contención do gasto, estabilidade e a boa xestión, que é o que o equipo de goberno ofrece ós veciños, e polo que eles lles deron a súa confianza. Son uns orzamentos nos que soben os servizos sociais, ó entender que é un servizo moi importante e que hai neste concello moita poboación de xente maior. Indica que non inclúe moitos investimentos, pois tan só se incluíu unha subvención xa concedida pola Xunta de Galicia.

D^a. Ana Isabel Doval Fraíz, voceira do PSDG-PSOE indica que so lles deron 48 horas para traballar neste orzamento, e pregunta porque non hai liquidación do 2015 con data de 30 de novembro na documentación que lles facilitaron. Tamén quere saber porque no orzamento do 2016 non aparecen recollidos os investimentos que aparecían no 2015 e que non se executaron nesta anualidade, e pregunta porque non se prevén para o 2016. Pregúntase tamén si se incrementa o gasto de alumeado público previsto para 2016. Pola Alcaldía respóndelle que se cumpre co tempo establecido pola lei para presentar a documentación, e que a deputación deu o mesmo tempo tratándose duns orzamentos moito máis grandes. A liquidación do exercicio 2015 non vai feita no orzamento do 2016, tan so un avance da mesma, seis meses, e cando se peche o exercicio e se aproba a liquidación e cando se entrega, aínda que o equipo de goberno teña en conta os datos da execución orzamentaria para a redacción do orzamento 2016. D^a. Ana Isabel Doval pregunta si lle pode dar o nivel de execución do orzamento, contestando a Sra. Alcaldesa que non o sabe de memoria. Continúa a Sra. Alcaldesa dicindo que os investimentos non aparecen, pero que se van facer. D^a. Ana Isabel Doval pregunta si se ían no orzamento 2016 e a Sra. Alcaldesa resposta que si, engadindo que a partida adicada ós alumeados aumenta porque se trata de infraestruturas que teñen moitos anos, e si queremos solicitar algunha subvención debe estar dotada a aportación municipal. D^a. Ana Isabel Doval insiste en saber si é un gasto previsto para algún estudio, contestando a Sra. Alcaldesa que son cartos que están orzamentados como aportación municipal para poder solicitar algunha subvención.

D Roberto Jorge Correa, concelleiro polo BNG, integrante do grupo mixto, queixase por ten tan pouco tempo para o estudo dos orzamentos, e o considera unha falta de respecto para os veciños de Forcarei, xa que son moitos datos para tan pouco tempo. Sinala que son uns orzamentos que van levar a Forcarei ó empobrecemento, deixándoo sen poboación, sen investimentos e sen emprego. Recollese moi pouco gasto en



fomento do emprego, e indica que o seu grupo levou no programa moitos puntos sobre o fomento de emprego, polo que propón que o grupo de goberno os estude. Continúa sinalando que o gasto en dependencia e servizos sociais é moi importante, pero que non se pode descoidar o fomento do emprego si queremos que os nosos/as fillos/as cobren unha pensión. Indica que o gasto para o tratamento do lixo é moi elevado e que se podería reducir ata un 40%, apostando pola compostaxe, tal e como o BNG levou no seu programa. No servizo de prevención e defensa contra incendios pregunta canta xente se vai contratar. Sinala a posibilidade de reducir gasto en tarifa eléctrica propia, como moitos outros concellos, para todo o cal se pon o servizo do concello para axudar a facelo. Conclúe sinalando que se trata dun orzamento de servizos, non dinamizador nin novo, que non aposta polas preocupacións reais da xente. A Sra. Alcaldesa contesta que en ningún momento se lle falta ó respecto ós veciños, porque se cumpre a lei cos tempos da convocatoria, e que á súa antecesora dáballe tempo perfectamente para estudar o orzamento, e que si teñen dúbidas que as pregunten. (a Alcaldesa indica que a deixe falar igual que ela o deixou). Continúa a Sra. Alcaldesa sinalando que é a primeira vez que se leva unha partida separada para o fomento do emprego, e vai porque esperan acollerse ó Plan Concellos de deputación, no que hai que poñer unha parte para a contratación dos traballadores, non é unha competencia municipal, dotase en orzamento tan so para completar a subvención. En canto a incendios as cantidades que recolle o orzamento son as do convenio segundo os termos do ano 2015, e o número de persoas a contratar o mesmo. (A Sra. Alcaldesa volve a chamar a atención a D Roberto Jorge, e avísalle que si ocorre dúas veces máis pode pedirle que abandone o pleno). Continúa a Alcaldesa dicindo que tamén está prevista a contratación dos socorristas e, que en canto á compostaxe, a deputación nos do programa de compostaxe un contedor por cada 500 habitantes, de forma que os desprazamentos dos veciños para tirar o lixo serán considerables. Agradece a disposición do sr. Concelleiro para suxerir iniciativas, indicando que o equipo de goberno está aberto a escoitalo. D. Roberto Jorge insiste en que a Sra. Alcaldesa lle diga o número de persoas a contratar en incendios, e que lle explique porque a partida de fomento de emprego tan só é para contratación de persoal.

D. Vicente Búa Martínez, voceiro do PP, expón que o grupo de goberno pensa que son uns bos orzamentos, sensatos, sinalando que o PSdeG-PSOE non os criticou como en anos anteriores. D^a. Ana Isabel Doval di que o seu grupo non critica, pregunta pero non se lle contesta. D. Vicente Búa continúa sinalando que lle sorprende a intervención de D. Roberto Jorge falando da compostaxe e da tarifa eléctrica. (A Sra. Alcaldesa volve a chamar a atención a D. Roberto Jorge por interromper unha intervención). D. Vicente Búa installe ó sr. Concelleiro do BNG a que revise plenos anteriores para que vexa as boas valoracións obxectivas que facía a súa antecesora dos orzamentos. D. Roberto Jorge pregunta se pode responder por alusións engade que son os orzamentos "do por si acaso".

Dna. Ana Isabel Doval quere argumentar o voto en contra do seu grupo, en primeiro lugar porque non dan por contestadas as preguntas plantexadas neste pleno, e segundo porque en canto ás accións prioritarias para o 2016 teñen moitas dúbidas: por exemplo non saben que ocorreu ca liña de subvencións a gandeiros que estaba no 2015 e que desaparece no 2016, en canto ó arranxo das vivendas escolares no 2015 se partía de 30.000,00 € de fondos propios que non aparecen no orzamento 2016.

Sometido o asunto a votación resulta:

-Votos a favor: seis (6), Sres./as Concelleiros/as do PP

-Votos en contra:catro (4), Sres./as Concelleiros/as do PSdG-PSOE , Sr. Concelleiro do BNG e Sra. Concelleira de F.F

-Abstencións: cero (0),

O pleno da corporación acorda por maioría absoluta do número legal de membros da corporación o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o Orzamento Municipal do Concello para o exercicio de 2016 que se presenta nivelado no seu Estado de Gastos e de Ingresos, ascendendo en ambos estados á cantidade de 2.211.222,00 €, (dous millóns dous centos once mil dous centos vinte e dous euros), así coma toda a documentación e anexos a el incorporados, asignándose a cada un dos Capítulos as seguintes cantidades:




INGRESOS		
Capítulo	Denominación	Importe Euros
1	Impostos directos.	681.000,00
2	Impostos indirectos.	12.000,00
3	Taxas, prezos públicos e outros ingresos.	263.763,10
4	Transferencia correntes.	1.153.594,86
5	Ingresos patrimoniais.	22.864,04
7	Transferencias de capital.	78.000,00
	TOTAL INGRESOS	2.211.222,00

GASTOS		
Capítulo	Denominación	Importe Euros
1	Gastos de persoal.	759.535,10
2	Gastos correntes en bens e servizos.	1.299.154,90
3	Gastos financeiros.	5.200,00
4	Transferencias correntes.	38.132,00
6	Investimentos reais.	109.200,00
	TOTAL GASTOS	2.211.222,00

CADRO DE PERSOAL

Denominación	NP	NIVEL CD	C. ESPEC./ Rbóns	Rbóns Lab	TP CP	FP	AAP	GR/CT	Escala	Titulación Formación	Observa- cións	Rva nacional
SECRETARIA- INTERVENCION	1	27/28	27.693,26		NS F	C	AL	A1	HN	LICENCIADO.		S
TÉCNICO INTERVENCIÓN	1	22/23	18.729,20		F	C	CF	C1	AX	BACH. SUP. OU FP-2		N
ADMINISTRATIVO OFICINAS XERAIS	1	20	9.495,22		F	C	CF	C1	AX	BACH. SUP. OU FP-2		N
ADMINISTRATIVO ALCALDÍA-SECRETARÍA	1	20	14.431,90		NS F	C	CF	C1	AX	BACH. SUP. OU FP-2		N
AUXILIAR ADMTVO PERSONAL	1	18	9.495,22	---	NS F	C	CF	C2	AX	GRADº ESCOLAR		N
TRABALLADO-RA SOCIAL	1	--	---	33.645,45	NS L	C	CF	A2	AX	DIPLOMADO		N
ENCARGADO OBRAS E SERVICIOS	1	--	---	27.588,01	NS L	C	CF	C2	AE	GRADº ESCOLAR		N
OFICIAL FONTANEIRO	1	--	---	23.293,97	NS L	C	CF	C2	AE	GRADº ESCOLAR		N
CONDUCTOR R.S.U.	1	--	---	23.084,80	NS L	C	CF	C2	AE	GRADº ESCOLAR		N
CONDUCTOR DESBROZADORA	1	--	---	17.246,60	NS L	C	CF	E/C2	AE	GRADº ESCOLAR		N
AUXILIAR ADMTVO SERVICIOS SOCIAIS	1	--	---	20.160,05	NS L	C	CB	C2	AX	GRADº ESCOLAR		N
AUXILIAR ADMTVO TAXAS	1	--	---	20.460,13	NS L	C	CB	C2	AX	GRADº ESCOLAR		N
AUXILIAR ADMTVO	1	--	---	21.455,30	NS	C	CB	C2	AX	GRADº		N



SECRETARIA					L						ESCOLAR		
ENCARGADA BIBLIOTECA	1	--	---	21.189,05	NS L	C	CB	C2	AX	GRADº ESCOLAR		N	
CONSERXE LIMPADOR	1	--	---	14.040,72	NS L	C	CB	E	AX	CERT. ESCO- LARIDADE.		N	
OPERARIO SERVIZOS	1	--	---	16.423,00	NS **	C	CB	C2	AX	CERT. ESCO- LARIDADE.		N	
SOCORRISTA SERVIZOS DEPORTIVO	3	--	--	2.200,00	NS **	C	CB	C2	AE	GRADº ESCOLAR	2 MESES	N	
CONDUCTORES OPERARIOS MOTOBOMBA	2	--	--	4.404,06	NS **	C	CB	C3	AE	GRADº ESCOLAR	3 MESES	N	
JEFE BRIGADA CONTRA INCENDIOS	1	--	--	5.047,11	NS **	C	CB	C4	AE	GRADº ESCOLAR	3 MESES	N	
BRIGADISTAS CONTRA INCENDIOS	5	--	--	4.087,80	NS **	C	CB	C5	AE	GRADº ESCOLAR	3 MESES	N	
ACHEGA MUNICIPAL PROGRAMAS EMPREGO				26.229,33									

SEGUNDO.- Aprobar, igualmente, as bases para a execución do devandito orzamento municipal para o exercicio de 2016, tal e como son presentadas.

TERCEIRO.- De conformidade co previsto polo art. 169.1 do Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo, expoñer ó público, polo prazo de quince días hábiles, o orzamento municipal para o exercicio de 2016 con tódolos documentos que o conforman, mediante a inserción do edicto correspondente no Boletín Oficial desta Provincia e no taboleiro de anuncios da casa do concello, co fin de que os interesados ós que fai referencia o art. 170.1 do TRLRFL, poidan examinalo e presentar, de se-lo caso, as reclamacións que procedan e polas causas taxadas que indica o art. 170.2 da mesma norma, ante o Pleno corporativo, que as resolverá xunto coa aprobación definitiva.

CUARTO.- O expediente completo de referencia considerárase definitivamente aprobado, sen necesidade de adopción de novo acordo, no caso de que non se presenten as reclamacións ás que se fai referencia no parágrafo 4º anterior, procedéndose, de seguido, á publicación do devandito orzamento resumido por capítulos nos anteditos BOP e taboleiro de anuncios, xunto co cadro de persoal e relación dos postos de traballo, tal e como indican os artigos 127 do Rdl 781/1986, do 18 de abril, 169.2 do TRLRFL 2/2004, e demais disposicións concordantes aplicables.

QUINTO.- No caso de se presentar reclamacións no prazo indicado no parágrafo 4º do presente deberán ser resoltas, cos informes oportunos previos, polo Pleno Corporativo, resolvendo no mesmo acordo a aprobación definitiva que deixará expedita a vía contencioso-administrativa, procedéndose, trala indicada aprobación, á publicación na forma indicada no parágrafo 5º anterior, tal e como indican os referidos artigos, así como segundo o disposto polo art. 171 do TRLRFL 2/2004, do 5 de marzo.

SEXTO.- Unha vez completo o expediente, enviaranse as copias correspondentes á Administración do Estado e á da Comunidade Autónoma, reservando unha terceira para enviar, no seu día, ó Consello de Contas de Galicia.

7.- ADICACIÓN PARCIAL DE TENENTE DE ALCALDE DURANTE AS VACACIÓNS DA ALCALDÍA.

Pola Sra. Alcadesa expónse que se trae o presente acordo ó pleno co obxecto de que cando a Alcaldía está de vacacións o tenente de alcalde que a substitúe poida cobrar, por iso na proposta xa se recolle que a adicación será tan só polo importe dunha mensualidade.

Dña. Ana Isabel Doval Fraiz indica que o seu grupo vaise abster porque xa votou en contra do acordo de adicación exclusiva da Alcaldía por poñerse o soldo máximo.

Dña. María Abilleira Pomar, concelleira de F.F, integrante do grupo mixto, manifesta o seu voto en contra polos mesmos motivos que acaba de expoñer a concelleira socialista, ademais de que consideran que nun concello como Forcarei non se debería cobrar ningún soldo.

A Sra. Alcadesa expón que nunca en Forcarei un Alcalde tivo un soldo tan baixo como o de agora, e que os concelleiros non cobran dietas nin gastos de representación.



Sometido o asunto a votación resulta:

-Votos a favor: seis (6), Sres./as Concelleiros/as do PP

-Votos en contra: cero (0),

-Abstencións: catro (4), Sres./as Concelleiros/as do PSdG-PSOE , Sr. Concelleiro do BNG e Sra. Concelleira de F.F

O pleno da corporación acorda por maioría absoluta do número legal de membros da corporación o seguinte acordo:

PRIMEIRO- Aproba-la adicación, con carácter parcial, do tenente alcalde que substitúa á Alcaldía nas súas vacacións anuais e se faga cargo das tarefas municipais do Concello de Forcarei.

SEGUNDO - Aproba-las retribucións do tenente de alcalde que substitúa á Alcaldía nas vacacións anuais, cun límite dunha mensualidade do soldo aprobado para a Alcaldía en data 19 de xuño de 2015, máis a prorata da extra correspondente, cun total de 3.333,17 € brutos/anuais. A dita retribución será aplicable a súa aprobación polo pleno e aceptación polo interesado no momento de substituír á Alcaldía.

TERCEIRO.- Dar conta a Intervención.

8.- APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO REGULADOR DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE FORCAREI.

A Sra. Alcaldesa expón que modificado o Regulamento regulador do servizo de axuda no fogar e a Ordenanza reguladora da taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar, produciuse unha corrección dos mesmos pola inspección, xa que detectou erros no seu texto. D. Roberto Jorge Correa, concelleiro do BNG pregunta porque a Sra. Alcaldesa se está a expresar en lingua castelá. A Sra. Alcaldesa manifesta que é española e galega, e utiliza os dous idiomas, e que no grupo mixto, do que forma parte o BNG tamén falan en castelán e ninguén dixo nada. (Procédese a debater o tema).

A Sra. Alcaldesa continúa expoñendo que na documentación que se lles facilitou aparece o documento corrixido pola inspección(en vermello) e logo o texto xa modificado polos servizos sociais do Concello en función de ditas correccións.

Sometido o asunto a votación resulta:

Votos a favor: seis (6), Sres./as Concelleiros/as do PP

-Votos en contra:cero (0)

-Abstencións: catro (4), Sres./as Concelleiros/as do PSdG-PSOE , Sr. Concelleiro do BNG e Sra. Concelleira de F.F

O pleno da corporación acorda por maioría absoluta do número legal de membros da corporación o seguinte acordo:

1º. Aprobar inicialmente a modificación do regulamento regulador do servizo de axuda no fogar do Concello de Forcarei co seguinte texto:

“
REGULAMENTO REGULADOR DO SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE FORCAREI



EXPOSICIÓN E MOTIVOS

CAPÍTULO I - DISPOSICIÓN XERAIS (ART. 1 – ART. 11)

CAPÍTULO II - DA PRESTACIÓN DE SERVIZOS (ART. 12 – ART. 31)

SECCIÓN PRIMEIRA – Disposicións Comúns (Art. 12 – Art. 15)

SECCIÓN SEGUNDA – Da Prestación do Servizo polas Entidades Locais (Art. 16 – Art. 31)

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

ANEXOS:

ANEXO I.- Baremo para determinar a asignación do servizo de axuda no fogar en réxime de libre concurrencia.

ANEXO II.- Solicitud de axuda no fogar – Libre concurrencia

ANEXO III.- Informe Médico

ANEXO IV.- Proxecto de Intervención

ANEXO V.- Acordo de Servizo

REGULAMENTO MUNICIPAL DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE FORCAREI

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de Réxime Local (BOE nº 80, do 3 de abril de 1985), establece no seu artigo 25.2k que os concellos exercerán, en todo caso, competencias nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas en materia de prestación de servizos sociais e de promoción e reinserción social.

A Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, regula o dereito de todas as persoas aos servizos sociais correspondéndolles, aos poderes públicos, garantir este dereito, posibilitando así que as liberdades e igualdades entre individuos sexan reais e efectivas, tal e como consagra a propia Constitución Española.

A Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, establece no seu capítulo II, o catálogo de servizos sociais, onde define o servizo de axuda no fogar coma un servizo consistente en ofrecerlles un conxunto de atencións ás persoas ou familias no seu propio domicilio, para facilitar o seu desenvolvemento e permanencia no seu contorno habitual. Esta mesma lei establece no seu artigo 11 que é función dos servizos sociais comunitarios básicos a xestión da axuda no fogar.

Coa entrada en vigor da Lei 39/2006, de 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia, así como a normativa estatal e galega que a desenvolve, fíxose necesario establecer un novo marco regulador de carácter básico dos contidos, formas de prestación e aspectos procedementais e organizativos de axuda no fogar de maneira que coa aprobación da Orde do 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o servizo de axuda no fogar, se estableceron pautas de carácter xeral para asegurar un nivel equitativo de atención a todas as persoas que tiñan limitada a súa autonomía persoal.

O Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia, establece no seu artigo 7. b como requisito xeral dos centros e programas de servizos sociais, dispoñer dunhas normas de funcionamento, visadas polo órgano competente, en materia de autorización e inspección de servizos sociais, da Xunta de Galicia, que garanta o respecto ao dereito das persoas usuarias e establezan as condicións de prestación e desenvolvemento dos servizos.

Coa aprobación e publicación do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, faise necesario adaptar a normativa municipal existente en materia de axuda no fogar co fin de dar cumprimento ao



establecido na disposición derradeira primeira do citado decreto.

E por último, o Real Decreto-lei 20/2012 de 13 de xullo de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade, establece diferentes intensidades de protección dos servizos establecidos para cada grao de dependencia, así como a Resolución de 13 de xullo de 2012, da Secretaría de Estado de Servizos Sociais e Igualdade, pola que se publica o Acordo do Consello Territorial do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia para a mellora do sistema para a autonomía e atención á dependencia. (BOE nº 185 do 3/08/2012).

En consecuencia e coa finalidade de garantir unha equidade, calidade e intensidade homoxéneas nos tipos de atención e os criterios de participación económica das persoas usuarias, o Concello de Forcarei, de conformidade co marco normativo referenciado que confire aos concellos a potestade regulamentaria, e de autoorganización dentro da esfera das súas competencias, regula os requisitos e condicións da prestación do servizo de axuda no fogar municipal, a través da presente ordenanza.

CAPITULO I

DISPOSICIONS XERAIS

Artigo 1º.-Obxecto.

É obxecto desta orde a regulación xeral do servizo de axuda no fogar (SAF) no Concello de Forcarei.

Artigo 2º.-Ámbito de aplicación.

O establecido nesta orde é de aplicación a todos os programas de axuda no fogar que se desenvolvan no Concello de Forcarei.

Artigo 3º.-Interpretación.

A interpretación deste regulamento é competencia dos órganos de goberno deste Concello de Forcarei.

Artigo 4º.- Competencias

Correspóndelle ao Concello de Forcarei o desenvolvemento das seguintes funcións: planificación, programación e dirección técnica do servizo, coordinación, seguimento, supervisión e control, análise, avaliación e aprobación das altas e baixas do servizo só para libre concorrencia.

O Concello de Forcarei, poderá prestar o servizo público de axuda no fogar, ben directamente ou ben mediante as diversas modalidades de contratación da xestión de servizos públicos reguladas na normativa vixente sobre contratos do sector público, a través de entidades privadas debidamente autorizadas para prestar o servizo (ver art 15 do Decreto 99).

Artigo 5º.- Natureza, definición e obxectivos do servizo.

1. O servizo de axuda no fogar é un servizo público de carácter local, consistente en ofrecer un conxunto de atencións ás persoas ou unidades de convivencia no propio domicilio, para facilitar o seu desenvolvemento e a permanencia no seu contorno habitual.

O servizo de axuda no fogar poderá prestarse, a calquera persoa ou unidade de convivencia, para as cales, de acordo coa valoración técnica correspondente, supoña un recurso idóneo de atención. De xeito particular, o servizo atenderá persoas maiores con déficits de autonomía e persoas con discapacidade, especialmente cando carezan de apoio persoal no seu medio inmediato.

O servizo de axuda no fogar ten por obxecto prestar un conxunto de atencións ás persoas no seu domicilio, dende unha perspectiva integral e normalizadora, naquelas situacións en que teñan limitada a súa autonomía persoal ou nos casos de desestructuración familiar.

2. Son obxectivos do servizo de axuda no fogar:

- Mellorar a calidade de vida das persoas usuarias.
- Posibilitar a permanencia das persoas no seu contorno de convivencia habitual.
- Favorecer e potenciar a autonomía persoal no propio domicilio.



- Manter, mellorar e recuperar as redes de relación familiar e social.
- Previr situacións de dependencia ou exclusión social.
- Retardar ou evitar a institucionalización.
- Reforzar a solidariedade e potenciar o voluntariado social.

Artigo 6º.-Contido do servizo.

1.- De conformidade coa valoración técnica realizada polo/a traballador/a social dos servizos sociais do Concello de Forcarei, no marco do servizo de axuda no fogar poderán prestarse os seguintes tipos de atención de carácter básico:

a) Atencións de carácter persoal na realización das actividades básicas da vida diaria, tales como:

- Asistencia para levantarse e deitarse.
- Apoio no coidado e hixiene persoal, así como para vestirse.
- Control do réxime alimentario e axuda, se é o caso, para alimentarse. Supervisión, cando proceda, das rutinas de administración de medicamentos prescritas por facultativos.
- Apoio para cambios posturais, mobilizacións, orientación espacio-temporal.
- Apoio a persoas afectadas por problemas de incontinencia.

b) Atencións de carácter persoal na realización doutras actividades da vida diaria, tales como:

- Acompañamento fóra do fogar para acudir a consultas ou tratamentos.
- Apoio na realización de xestións necesarias ou urxentes.

c) Atención das necesidades de carácter doméstico e da vivenda, tales como:

- Limpeza e mantemento da hixiene e salubridade da vivenda.
- Compra de alimentos e outros produtos de uso común.
- Preparación dos alimentos.
- Lavado e coidado das prendas de vestir.
- Coidados básicos da vivenda.
- Apoio á unidade familiar.

Este tipo de atención poderá ser facilitado en parte, se é o caso, por programas específicos de lavandaría ou alimentación a domicilio.

d) Atencións de carácter psicosocial e educativo: intervencións técnico-profesionais formativas e de apoio ao desenvolvemento das capacidades persoais, á afectividade, á convivencia e á integración na comunidade así como á mellora da estruturación familiar.

2.- Con carácter complementario, o servizo de axuda no fogar poderá incorporar, entre outros, os seguintes tipos de atención:

- a) Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables.
- b) Prestación de atención a distancia mediante dispositivos de teleseguimento, teleasistencia e similares.
- c) Servizo de préstamo de axudas técnicas para persoas en situación de dependencia ou dependencia temporal. Para estes efectos enténdese por axuda técnica calquera produto, dispositivo, equipamento, instrumento, tecnoloxía ou software, fabricado especialmente ou dispoñible no mercado, para previr, compensar, controlar, mitigar ou neutralizar deficiencias ou limitacións na actividade e restricións na participación social das persoas.
- d) Adaptacións funcionais do fogar.
- e) Servizo de podoloxía.
- f) Servizo de fisioterapia.

3.- Poderán integrarse, ademais, dentro do servizo de axuda no fogar, determinadas atencións e actividades que se desenvolvan fora do marco do domicilio da persoa usuaria, sempre que, de acordo coa prescrición técnica sobre o contido do servizo, incidan de maneira significativa na posibilidade de permanencia no fogar e na mellora da autonomía e a calidade de vida.

4.- En todo caso as atencións prestadas terán un carácter de reforzo e non substitutivo das propias capacidades da persoa usuaria ou doutras persoas do seu contorno inmediato, de maneira que se facilite e promova a súa autonomía. As atencións que se presten, que deben ser as básicas do programa, deben decidirse de mutuo acordo coa familia. Os servizos sociais intervirán en caso de desatención ao usuario.

5.- En ningún caso poderán formar parte das actuacións desenvolvidas polo servizo:



- A realización de actividades domésticas que non fosen incluídas no proxecto de intervención e no acordo de servizo recollidos nos **anexos IV e V**.
- Actuacións que, polo seu carácter sanitario, deban en todo caso ser realizadas por persoal facultativo.

Artigo 7º. Persoas destinatarias.

1.- O servizo de axuda no fogar estará aberto a todas as persoas ou unidades de convivencia para as que, de acordo coa valoración técnica correspondente, supoña un recurso idóneo de atención. De xeito particular, o servizo atenderá persoas maiores con déficits de autonomía e persoas con discapacidade, especialmente cando carezan de apoio persoal no seu contorno inmediato, así como fogares con menores en que se observe necesidade dunha intervención de carácter socio-educativo. Tamén poderán dar unha resposta preventiva e socializadora a diversas situacións de familias en risco de exclusión social.

2.- En todo caso, darase prioridade no acceso ao servizo ás persoas que teñan un dereito recoñecido de atención dentro do sistema de autonomía e atención á dependencia.

Artigo 8º.-Dereitos das persoas usuarias.

As persoas usuarias do servizo, no marco dos dereitos que con carácter xeral se lle recoñecen na lexislación aplicable sobre servizos sociais e, se é o caso, sobre o procedemento administrativo común, terán dereito:

- 1.- A seren tratadas co respecto debido á súa dignidade, intimidade e autonomía.
- 2.- A recibiren unha atención adaptada e individualizada ás súas necesidades, coa calidade e duración prescritas en cada caso.
- 3.- A coñeceren a organización e o regulamento do servizo.
- 4.- A coñeceren a situación do seu expediente.
- 5.- Ao tratamento confidencial dos seus datos de acordo co disposto na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.
- 6.- A recibiren información precisa e clara sobre as posibles modificacións sobrevidas durante a prestación efectiva do servizo.
- 7.- A presentaren queixas e suxestións ao persoal coordinador do servizo cando expresaren reclamacións ou fixeren suxestións sobre a súa prestación efectiva.
- 8.- A accederen e utilizaren o servizo en condicións de igualdade e de non discriminación.
- 9.- A teren asignada unha persoa -profesional de referencia- que actúe como interlocutora principal e que asegure a coherencia da intervención.
- 10.- A seren informadas, de maneira clara e precisa, sobre a intervención prevista e elixir libremente, dentro da capacidade de oferta do sistema e logo da valoración técnica, o tipo de medidas ou de recursos adecuados para o seu caso, así como a participar na toma de decisións que modifiquen o proceso de intervención acordado.
- 11.- Á calidade dos servizos recibidos e a presentar as queixas e suxestións á persoa coordinadora do servizo.
- 12.- Ao respecto dos seus dereitos lingüísticos, garantindo, en todo caso, o desenvolvemento da actividade do servizo dende a práctica dunha oferta positiva do idioma galego.

Artigo 9º.-Deberes das persoas usuarias.

As persoas usuarias, no marco dos deberes que con carácter xeral se recollen no artigo 7 da Lei 13/2008, de servizos sociais e, se é o caso na lexislación vixente sobre o procedemento administrativo común, terán os seguintes deberes:

- 1.- Cumprir coas condicións do servizo, facilitándolle a execución das tarefas ao persoal a cargo e poñendo a súa disposición, se é o caso, os medios materiais necesarios.
- 2.- A facilitar e colaborar no seguimento e avaliación do servizo, colaborar co persoal encargado do seu caso, acudindo as entrevistas programadas, seguindo as orientacións e participando no desenvolvemento das actividades incluídas no servizo, centro ou programa en función das súas capacidades e nos termos acordados en cada caso.
- 3.- Respetar a dignidade persoal e profesional das persoas que presten o servizo, así como respectar os límites das súas obrigas laborais.
- 4.- Informar dos cambios de calquera circunstancia que impliquen unha modificación na súa capacidade económica, así como de circunstancias relevantes de carácter persoal ou familiar que puidesen dar lugar á modificación, suspensión ou extinción na prestación do servizo.
- 5.- Participar no pagamento do servizo nos termos que se estableza na súa norma reguladora.
- 6.- A comunicar, en circunstancias ordinarias e previsibles, con dez días de antelación, calquera ausencia temporal do domicilio que puidese impedir a prestación do servizo.
- 7.- Facilitar e cooperar no seguimento, avaliación e inspección do servizo.



Artigo 10º.-Causas de extinción e modificación do servizo.

1. Son causas de extinción do servizo de axuda no fogar, as seguintes:

- a) A renuncia da persoa usuaria.
- b) O cambio de programa individual de atención ou do proxecto de intervención que implique un cambio de asignación de recurso e a súa incompatibilidade co servizo de axuda no fogar.
- c) Traslado definitivo da súa residencia a outro concello.
- d) Falecemento da persoa usuaria.
- e) Incumprimento reiterado dos deberes e obrigas establecidas para as persoas usuarias na prestación do servizo.
- f) A falta reiterada de pagamento do servizo nun máximo improrrogable de dous meses consecutivos
- g) Desaparición das causas que motivaron a prestación do servizo.
- h) Falseamento, ocultación de datos ou de documentación

2. Ademais, con carácter xeral, a alteración das circunstancias tidas en conta para a concesión do servizo, poderá dar lugar á modificación das condicións de prestación nas que fora concedido inicialmente.

Os cambios de circunstancias, en calquera caso, deberán substanciarse no expediente individual, mediante un novo informe social.

3. Por razóns orzamentarias poderase proceder á reorganización da prestación do servizo aos usuarios do sistema de libre concorrència.

4. Cando se trate dun servizo público de axuda no fogar asignado a persoas en situación de dependencia na correspondente resolución de Programa Individual de Atención, conforme a Orde do 2 de xaneiro de 2012 de desenvolvemento de Decreto 15/2010 do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito as prestacións do Sistema para a Autonomía e a Atención a Dependencia, o procedemento para a elaboración do Programa Individual de Atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes, modificado polo Decreto 148/2011, do 7 de xullo, a incoación, por parte da entidade titular do servizo, dun expediente de extinción ou modificación das condicións de prestación do servizo deberá notificarse en todo caso ao órgano competente para ditar resolución de Programa Individual de Atención.

Artigo 11º.- Causas de suspensión temporal do servizo.

Son causa de suspensión temporal do servizo, logo de tramitación do correspondente expediente e informe razoado do/a persoal técnico coordinador do servizo do Concello de Forcarei que deberá incorporarse ao expediente persoal, as que seguen:

1. Ausencia temporal do domicilio: neste caso o servizo poderá suspenderse por un máximo de tres meses para as persoas usuarias que accedan ao servizo polo sistema de libre concorrència e por un máximo de dous meses para as persoas usuarias de dependencia, debendo acreditar a persoa usuaria as causas que motivan a súa ausencia.
2. Modificación temporal das causas que motivaron a necesidade do servizo: poderá suspenderse o servizo en tanto persista o cambio de circunstancias causante da suspensión, coa excepción das prazas vinculadas a un dereito exercido dentro do sistema de autonomía e a atención á dependencia, suposto no que se estará ao disposto na correspondente normativa reguladora.

As persoas que soliciten a suspensión temporal do servizo deberán acreditar as causas que motivan a ausencia.

CAPITULO II

DA PRESTACIÓN DO SERVIZO

SECCIÓN PRIMEIRA – DISPOSICIÓNS COMÚNS

Artigo 12.- Réxime xeral de autorización e inspección.

1. Todas as entidades prestadoras de servizos sociais, públicas ou privadas, con ou sen ánimo de lucro, que desenvolvan o programa de axuda no fogar deberán estar debidamente autorizadas de conformidade co establecido no Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia, existindo nos Servizos Sociais comunitarios básicos do Concello de Forcarei o correspondente Libro.

2. Así mesmo, estarán suxeitas á inspección e ao réxime sancionador vixente en materia de servizos sociais.

Artigo 13.- Formas de prestación do servizo .



1. O servizo público de axuda no fogar prestarase polas entidades locais, ben directamente, ou ben mediante as diversas modalidades de contratación da xestión de servizos públicos reguladas na normativa vixente sobre contratos do sector público, a través de entidades privadas debidamente autorizadas.

2. Ademais, sen prexuízo do establecido no apartado 1 deste artigo, os servizos poderán ser prestados mediante fórmulas de colaboración institucional entre as administracións competentes ou por entidades de dereito público, de acordo co establecido na lexislación vixente.

Artigo 14.- Requisitos específicos.-

1. Existirá un profesional de referencia, que actuará como coordinador do servizo e que deberá estar en posesión dunha cualificación mínima de diplomatura universitaria na área de servizos sociais. No caso de que o número de persoas usuarias sexa menor de 50, o persoal técnico mínimo esixible será de 0,02 profesionais en cómputo de xornada completa por persoa usuaria. Nos demais casos aplicarase a seguinte táboa:

Número de persoas usuarias	Persoal técnico mínimo
50 a 99	1 técnico/a titulado/a a xornada completa
100 a 199	2 técnicos/as titulados/as a xornada completa
200 a 399	3 técnicos/as titulados/as a xornada completa
Incrementos sucesivos por cada grupo de 200 persoas usuarias	Corresponderá un incremento de 1 técnico/a titulado/a a xornada completa

2. O persoal que presta atención directa nos domicilios das persoas usuarias estará formado por auxiliares de axuda no fogar, que, no caso de atender a persoas afectadas por déficit de autonomía, deberá estar en posesión do título de Técnico en Atención a Persoas en Situación de Dependencia ou equivalente, regulado no Real Decreto 1593/2011, do 4 de novembro, ou en posesión do certificado de profesionalidade de "atención sociosanitaria a persoas no domicilio" ou equivalente, regulado no Real Decreto 1379/2008, de 1 de agosto, polo que se establecen os certificados de profesionalidade da familia profesional e "servizos socioculturais e á comunidade".

3. O seguimento da prestación do servizo nos domicilios das persoas usuarias realizarase polo persoal coordinador sempre que as circunstancias o fagan necesario e, como mínimo, con carácter bimestral. Da supervisión realizada quedará constancia no correspondente expediente individual. Mediante esta supervisión revisarase e axustarase, se fose o caso, o contido das prestacións expresado no proxecto de intervención e no acordo de servizo.

4. O concello titular do Servizo de Axuda no fogar, tanto se o presta en réxime de xestión directa como se o presta en réxime de xestión indirecta abrirá un expediente por cada persoa usuaria ou por cada unidade de convivencia á que se presta o servizo, no que constará cando menos:

- Un informe social, asinado por un traballador ou traballadora social da entidade titular do servizo.
- Un proxecto de intervención, asinado polo técnico responsable que designe a entidade titular do servizo, que recollerá como mínimo a información contida no anexo IV desta ordenanza.
- Un acordo de servizo asinado entre a entidade titular do servizo e a persoa usuaria, que recollerá como mínimo a información contida no modelo do anexo II desta ordenanza.
- Informes de seguimento periódicos da prestación do servizo nos domicilios dos usuarios que terán carácter bimestral ou extraordinarios, cando as circunstancias así o aconsellen.

En todo caso o tratamento da información contida nos expedientes realizarase de acordo coa normativa vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.

5. A persoa que exerza como responsable técnica do servizo garantirá unha supervisión do servizo efectivamente prestado nos domicilios das persoas usuarias, que será realizada sempre que as circunstancias a fagan necesario e, como mínimo, cunha periodicidade de dous meses. Da supervisión realizada quedará constancia no correspondente expediente individual. Mediante esta supervisión revisarase e axustarase, se fose o caso, o contido das prestacións expresado no proxecto de intervención e no acordo de servizo.

Artigo 15º.- Desenvolvemento da prestación do servizo



1. O prazo de alta no servizo, será como máximo dunha semana, desde que a persoa usuaria se lle asigne o recurso desde o Programa de Asignación de Recursos para as persoas que acceden ao servizo na modalidade de dependencia, ou dende que se dita resolución por parte da Alcaldía, para as persoas que acceden ao servizo na modalidade de libre concorrencia. Para as persoas usuarias ás que se lles concede o servizo, pola vía de urxencia, o prazo de alta será como máximo de dous días.
2. Previo ao inicio do servizo, o persoal técnico realizará una avaliación da situación e establecerá un consenso coa persoa usuaria, sobre as actuacións e tarefas a desenvolver no domicilio. Designarase tamén a persoa profesional de referencia.
3. A asignación do persoal de atención directa farase en base ao perfil requirido para cada caso concreto, e realizarase unha visita domiciliar para a presentación do persoal de atención directa á persoa usuaria.

Se a persoa beneficiaria, rexéitao/á auxiliar de axuda no fogar que se lle asigna, sen razón suficientemente xustificada, pasará á lista de agarda ata que se lle asigne outro/a auxiliar, sempre que sexa tecnicamente posible.

Os cambios no persoal técnico asignado, así como nos horarios de prestación do servizo, que deban efectuarse, por circunstancias de necesidades de organización do servizo, comunicaranse á persoa beneficiaria, seguindo en vigor o acordo asinado.

4. Para o inicio da prestación do servizo, será requisito previo, asinar o acordo de servizo, segundo o modelo establecido no anexo V deste regulamento.
5. O persoal técnico elaborará un proxecto de intervención, segundo o anexo IV desta ordenanza (anexo II da Orde do 22 de xaneiro de 2009), que deberá conter: días da semana de atención, horario concreto no que se desenvolverá a prestación, identidade do persoal de atención directa responsable da execución do proxecto, obxectivos e tarefas a desempeñar no domicilio, e o seguimento efectivo da prestación no domicilio do usuario, con carácter mínimo bimestral.
6. Farase entrega á persoa usuaria, dunha copia da ordenanza municipal de axuda no fogar, debidamente visada polo órgano competente.
7. Así mesmo, entregarase á persoa usuaria e ao persoal de atención directa, o documento que conteña as tarefas a desenvolver no domicilio.
8. Informarase ás persoas usuarias da existencia dun libro de reclamacións, que estará á súa disposición, para calquera queixa ou reclamación. No caso de queixa ou reclamación, facilitarase unha copia da queixa á persoa usuaria e remitirase o orxinal ao servizo de inspección no prazo de tres días, xunto cun informe do caso, segundo establece o artigo 6.i) do Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia.



SECCIÓN SEGUNDA - DA PRESTACIÓN DO SERVIZO POLAS ENTIDADES LOCAIS

ARTIGO 16º.—MODALIDADES DE ACCESO AO SERVIZO

O acceso ao servizo de axuda no fogar municipal producirase de acordo co seguinte:

1. O acceso será prioritario e directo para as persoas que tendo recoñecida a situación de dependencia, se lles asigne a axuda no fogar na correspondente resolución de programa individual de atención, e consonte a aplicación do programa de asignación de recursos establecido no título II do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes. Para estes efectos o concello de Forcarei, cando sexa o caso, procederá a dar de alta as persoas en agarda de acordo coa orde de prelación establecida no Programa de Asignación de Recursos. Para estes efectos garantiráselles aos servizos sociais comunitarios municipais acceso en tempo real ao dito

programa.

2. As persoas para as que o Programa Individual de Atención determine o servizo de axuda no fogar como recurso principal ou idóneo terán, en todo caso, preferencia sobre aquelas ás cales se lles asigne o servizo de axuda no fogar como respiro do cuidador.

3. Para as persoas que non teñan o recoñecemento da situación de dependencia, ou non as asista o dereito de acceso efectivo ao catálogo de servizos de atención á dependencia segundo o calendario de implantación que se establece na Lei 39/2006, o acceso ao servizo, logo da prescrición técnica do profesional de referencia resolverase en réxime de libre concorrència en aplicación dun baremo público. (ANEXO I)

5. De igual maneira á expresada no apartado anterior procederase nas situacións nas que a problemática principal estea relacionada con aspectos convivenciais e socio-educativos.

6. Nos supostos recollidos nos apartados 3 e 4 deste artigo empregárase un baremo (ANEXO I) no que, ademais dos posibles déficits de autonomía, se valoren factores de carácter persoal e socio-familiar, o apoio social, a situación da vivenda e outros que dificulten obxectivamente a normalización social e a calidade de vida.

Documentación a aportar e prazo de presentación de solicitudes


Para o acceso ao Servizo de Axuda no Fogar polo sistema de libre concorrència deberán achegar a seguinte documentación:

- 1.- Modelo de solicitude (segundo anexo II da presente ordenanza) dirixida á alcaldesa do Concello de Forcarei
- 2.- Fotocopia do DNI de todos os membros da unidade familiar.
- 3.- Tarxeta de asistencia sanitaria.
- 3.- Fotocopia do Libro de Familia.
- 4.- Certificado municipal de empadramento e convivencia familiar.
- 5.- Informe médico segundo o anexo V da presente ordenanza
- 6.- Recoñecemento do grao de discapacidade.
- 7.- Datos do número de conta coa correspondente domiciliación bancaria
8. Xustificante de ingresos da unidade familiar de convivencia: xustificantes de pensións, prestacións do INEM, nóminas, etc., fotocopia da declaración da renda ou certificación negativa, certificación de intereses devengados por capitais mobiliarios, fotocopia do recibo do IV, correspondente ao último exercicio e declaración sobre percepción de alugueres.
- 9.- Xustificante de pago de hipoteca ou aluguer da vivenda habitual.

O prazo de presentación de solicitudes estará aberto todo o ano.

As solicitudes incompletas contarán cun prazo de 10 días para emendar deficiencias, en caso de non facelo, serán desestimadas sen máis trámite tal como se establece na lexislación que regula o procedemento administrativo.

As persoas valoradas como dependentes non terán que presentar solicitude ao concello, tan só aportar a súa resolución do Plan Individual de Atención para o servizo de axuda no fogar.



ARTIGO 17.- Criterios de organización e procedemento.

1. O servizo de axuda no fogar estará coordinado polo Concello de Forcarei.
2. No acceso directo ao servizo para as persoas usuarias con dependencia valorada, a resolución relativa ao programa individualizado de atención terá a consideración de resolución de asignación e incorporación ao servizo.
3. No acceso en libre concorrència será de aplicación o seguinte:
 - a) O procedemento iniciarase por instancia de parte, de conformidade cos principios xerais recollidos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións e do procedemento administrativo común, e cos baremos que se elaboren en desenvolvemento do estipulado neste regulamento.
 - b) Cando circunstancias debidamente acreditadas no expediente así o xustifiquen, o procedemento de acceso ao servizo poderá iniciarase de oficio.

c) As solicitudes dos particulares para acceder ao servizo deberán ser valoradas en todo caso por un traballador ou traballadora social dos servizos sociais comunitarios do concello, que, unha vez realizada a correspondente visita domiciliaria, determinará, mediante informe preceptivo e vinculante, a idoneidade do servizo, así como a intensidade recomendable para cada caso concreto.

d) O órgano competente para ditar a resolución será o/a alcalde/sa, podendo delegar esta competencia de conformidade co disposto no artigo 21.3º da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local como pode ser a Xunta de Goberno Local. O prazo máximo para resolver será de tres meses.

e) No caso de non existir dispoñibilidade a solicitude pasará a integrarse na lista de agarda nunha orde de prioridade determinada pola puntuación que obtívese na aplicación do baremo. No caso de empate na puntuación, atenderase por orde temporal da demanda.

4. Unha vez notificada a resolución de concesión do servizo, deberán acordarse, entre os servizos sociais comunitarios do concello e a persoa usuaria, as condicións básicas da prestación, que se substanciará no **acordo do servizo** regulado no artigo 14. 5. punto C da presente regulamentación e que será requisito previo para o inicio da prestación do servizo.

5. No caso de extrema e urxente necesidade debidamente xustificada, mediante resolución motivada do alcalde/alcaldesa ou do membro da corporación local responsable en materia de servizos sociais, poderase iniciar de oficio a prestación do servizo de maneira inmediata, por proposta dos servizos sociais comunitarios e sen prexuízo da posterior instrución do correspondente expediente.

6. Na prestación do servizo, ademais do persoal profesional, poderá colaborar persoal voluntario baixo a supervisión técnica dos servizos sociais deste concello. Para estes efectos estarase ao previsto na lexislación en vigor sobre voluntariado.

7. No caso de tratarse de intervencións de carácter socioeducativo derivadas dun diagnóstico de desestruturación familiar, deberán incorporarse ao proceso, de acordo coas circunstancias do fogar de que se trate, algunha das seguintes figuras profesionais: educador familiar, diplomado en educación social, diplomado en traballo social, psicólogos, sociólogos, e pedagogos.

8. As actuacións do/a auxiliar do SAF deberán axustarse ó proxecto de intervención establecido, non recibirá nunca ordes do/a usuario/a nin de familiares senón do concello e/ou da empresa adjudicataria. Se por calquera motivo éste non se atopase no domicilio, o/a auxiliar non está autorizado/a a esperar e deberá poñer en coñecemento do traballador social da empresa a incidencia así como calquera queixa ou suxerencia respecto ao servizo.

9. Anualmente, farase unha revisión de todas as persoas beneficiarias que accederon ao servizo polo sistema de libre concorrència, co fin de comprobar que cumpren as condicións para a continuidade do mesmo.

Artigo 18º. -Intensidade na prestación do servizo.

1. A intensidade do servizo, para os usuarios que acceden polo sistema de libre concorrència, determinarase, con carácter xeral en horas mensuais de atención, distribuídas en función das necesidades da persoa usuaria e do informe técnico ata un máximo de vintedúas horas mensuais dende as 7:00 ata as 22:00 h, de luns a venres, quedando excluídas as noites, os fins de semana e xornadas festivas, excepto en situacións de urxencia que o requiriran. O tempo de atención a cada usuario non será inferior a sesenta minutos diarios. Salvo situacións puntualmente excepcionais, debidamente acreditadas no informe social, non poderá excederse de unha hora de servizo ao día.

2. A intensidade do servizo de axuda no fogar para as persoas atendidas no marco do sistema de autonomía persoal e atención á dependencia estará predeterminada no seu Programa Individualizado de Atención. A súa aplicación horaria será flexible e condicionarase ao proxecto de intervención, de maneira que, cando menos, se garanta a cobertura das necesidades de atención de carácter persoal e realización das actividades básicas da vida diaria, relacionadas no artigo 4.1a) da Orde de 22 de xaneiro de 2009, pola que se regula o servizo de axuda no fogar, todos os días da semana, incluídos os domingos e declarados festivos. No PIA deberase diferenciar, dentro das horas de SAF, as relativas a necesidades domésticas ou do fogar, das de atención persoal para as actividades da vida diaria.

3. Nos restantes casos a intensidade do servizo virá determinada na prescrición efectuada polos servizos sociais comunitarios.

Artigo 19º. - Determinación da capacidade económica do sistema de atención a persoas usuarias da dependencia.

1. A capacidade económica das persoas dependentes, valoradas con dereito recoñecido de atención, mediante o servizo de axuda no fogar, calcularase acorde coas normas de valoración contidas no Capítulo II do Título III do Decreto 149/2013, de 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo, observándose as



normas de aplicación á materia, vixentes en cada momento, polo órgano competente en materia de servizos sociais da Xunta de Galicia.

2. O resultado do cálculo da capacidade económica, correspondente ás persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido no servizo de axuda no fogar, constará na resolución do Plan Individualizado de Atención que se desenvolva en cada caso, de conformidade co que establece o artigo 38 do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes.
3. Establécese como mínimo vital ou contía mínima para gastos persoais e quedará integramente á disposición do seu perceptor unha contía equivalente ao 49% dos intereses líquidos percibidos, calculados en cómputo anual. Garantíraselle á persoa usuaria unha dispoñibilidade anual mínima de 2.653 euros, no suposto de que a persoa usuaria traballe nun centro especial de emprego, este importe será actualizado anualmente consonte a variación interanual do IPREM.
4. Nos ingresos da persoa usuaria non se terán en consideración como renda a contía das prestacións de análoga natureza e finalidade recollidas no artigo 31 da Lei 39/2006, do 14 de decembro. As ditas prestacións sumaranse á contía calculada de acordo cos criterios de participación do servizo ata o 100% do custe de referencia do servizo.

Artigo 20º.- Determinación da capacidade económica das persoas usuarias doutros servizos que impliquen copagamento.

No servizo de axuda no fogar prestado a persoas ou unidades de convivencia distintas ás referidas no artigo anterior, o cómputo da capacidade económica farase de acordo cos seguintes criterios:

1. Computarase a renda de todas as persoas residentes na mesma unidade de convivencia. Para estes efectos considérase renda a suma de calquera das modalidades de ingreso a que se refire o artigo 6.2 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas.
2. Computarase, así mesmo, o patrimonio neto de todas as persoas residentes na unidade de convivencia. Para estes efectos, enténdese por patrimonio neto o conxunto de bens e dereitos de contido económico de que sexan titulares, determinados consonte as regras de valoración recollidas na Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, con dedución das cargas e gravames de natureza real que diminúan o seu valor, así como das débedas e obrigas persoais das cales deba responder. Igualmente, para o cómputo do patrimonio neto deberán terse en conta as exencións que prevé a Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, ao respecto da vivenda habitual e doutros bens e dereitos.
3. A capacidade económica calcularase sumando todas as rendas computables, modificadas á alza pola suma do patrimonio neto en cómputo anual, e dividindo o resultado da dita suma entre o total de persoas que convivan no fogar.

Artigo 21º.- Participación no financiamento do servizo das persoas dependentes con dereito de atención recoñecido como usuarias do servizo de axuda no fogar.

1.- No caso de que a capacidade económica da persoa usuaria do servizo de axuda no fogar para persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido sexa igual ou inferior ao indicador público de rendas a efectos múltiples (IPREM), quedará exenta da obriga de participar no custo do servizo.

2.- Nos demais supostos, aplicarase a seguinte táboa, na cal se expresa o copagamento en termos de porcentaxe sobre a capacidade económica da persoa usuaria e en función da intensidade do servizo asignado:



Capacidade económica (referenciada ao IPREM) Ata	Grao I	Grao II	Grao III
	<=20 h	<=45 h	<=70 h
100,00 %	0,00 %	0,00 %	0,00 %
115,00 %	4,52 %	9,61 %	14,70 %
125,00 %	5,41 %	11,50 %	17,58 %
150,00 %	5,55 %	11,79 %	18,03 %
175,00 %	5,65 %	12,00 %	18,35 %
200,00 %	5,72 %	12,16 %	18,60 %
215,00 %	5,81 %	12,34 %	18,87 %
250,00 %	6,03 %	12,82 %	19,61 %
300,00 %	6,24 %	13,26 %	20,29 %
350,00 %	6,42 %	13,63 %	20,85 %
400,00 %	6,54 %	13,90 %	21,25 %
450,00 %	6,63 %	14,09 %	21,55 %
500,00 %	6,70 %	14,25 %	21,79 %
>500 %	6,76 %	14,36 %	21,97 %

3.- Nos casos en que, por renuncia parcial expresa da persoa beneficiaria ao seu dereito de atención co número de horas expresadas no PIA, ou cando por tratarse dun suposto de compatibilización do SAF con outro servizo ou prestación do catálogo as horas reais prestadas de servizo de axuda no fogar sexan inferiores á cantidade expresada en cada columna da táboa anterior para o grao ou nivel correspondente, a cantidade a pagar será minorada proporcionalmente á diminución das horas efectivas de servizo.

4.- En ningún caso, o importe da participación económica que deberá ingresar a persoa beneficiaria en concepto de copagamento, poderá exceder o 90% do custo do servizo determinado en termos de prezo/hora.

5.- No caso das atencións e servizos complementarios do nivel básico do servizo de axuda no fogar, prestados ás persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido, para os efectos de facer efectiva a obriga de participar no custo do servizo por parte das persoas usuarias, aplicarase a seguinte táboa, na cal se expresa a súa participación en termos de porcentaxe sobre a capacidade económica da persoa usuaria e en función da intensidade e do tipo de atención ou servizo asignado:



%	Grao I			Grao II			Grao III		
	Adaptacións funcionais do fogar, podoloxía, fisioterapia	Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables	Servizo de préstamo de axudas técnicas	Adaptacións funcionais do fogar, podoloxía, fisioterapia	Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables	Servizo de préstamo de axudas técnicas	Adaptacións funcionais do fogar, podoloxía, fisioterapia	Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables	Servizo de préstamo de axudas técnicas
<=15	<=28			<=45					
100,00 %	0,00 %	12,87 %	13,76 %	0,00 %	22,73 %	24,29 %	0,00 %	35,51 %	37,95 %
115,00 %	5,98 %	13,10 %	14,00 %	10,56 %	23,12 %	24,71 %	16,50 %	36,13 %	38,61 %
125,00 %	7,15 %	13,39 %	14,31 %	12,63 %	23,64 %	25,26 %	19,73 %	36,94 %	39,47 %
150,00 %	7,34 %	13,52 %	14,44 %	12,95 %	23,87 %	25,50 %	20,24 %	37,29 %	39,85 %
175,00 %	7,47 %	13,61 %	14,54 %	13,18 %	24,03 %	25,67 %	20,60 %	37,54 %	40,12 %
200,00 %	7,57 %	13,76 %	14,70 %	13,36 %	24,29 %	25,96 %	20,87 %	37,96 %	40,56 %
215,00 %	7,68 %	13,83 %	14,78 %	13,56 %	24,42 %	26,09 %	21,18 %	38,16 %	40,77 %
250,00 %	7,98 %	13,96 %	14,91 %	14,09 %	24,64 %	26,33 %	22,01 %	38,50 %	41,14 %
300,00 %	8,25 %	14,06 %	15,02 %	14,57 %	24,82 %	26,52 %	22,77 %	38,78 %	41,44 %
350,00 %	8,48 %	14,16 %	15,13 %	14,98 %	25,00 %	26,72 %	23,40 %	39,07 %	41,74 %
400,00 %	8,65 %	14,35 %	15,33 %	15,27 %	25,33 %	27,06 %	23,85 %	39,57 %	42,29 %
>400,00 %	8,77 %	14,48 %	15,48 %	15,48 %	25,57 %	27,32 %	24,19 %	39,95 %	42,69 %

Artigo 22.- Participación das persoas usuarias no financiamento doutros servizos que impliquen copagamento.

1. Para o servizo de axuda no fogar, en réxime de libre concorrència, para as persoas que non teñan o recoñecemento da situación de dependencia, ou non as asista o dereito de acceso efectivo ao catálogo de servizos de atención á dependencia, segundo o calendario de implantación que se establece na Lei 39/2006, aplicarase a seguinte táboa que regula unha progresiva participación económica no custo do servizo en base ó cálculo da capacidade económica per cápita, de acordo co establecido no artigo 26 desta ordenanza.



CAPACIDADE ECONÓMICA	Participación no custe do servizo de SAF básico
Menor de 0,80 IPREM	0%
Maior de 0,80 e menor ou igual a 1,50 IPREM	15%
Maior de 1,50 e menor ou igual a 2,00 IPREM	25%
Maior de 2,00 e menor ou igual a 2,50 IPREM	40%
Maior de 2,50 e menor ou igual a 3,00 IPREM	50%
Maior de 3,00	90%

2. Sen prexuízo do anterior, poderán establecerse excepcións aos criterios xerais do referido copagamento nos casos en que a situación causante da aplicación do servizo de axuda no fogar sexa unha problemática de desestructuración familiar, exclusión social ou pobreza infantil, circunstancia que deberá estar debidamente xustificada no correspondente informe social.
3. En calquera caso, establecerase un límite máximo de participación económica das persoas usuarias do 40% da súa capacidade económica.

Artigo 23º.- Afectación dos ingresos municipais polo copagamento dos servizos.

De conformidade co artigo 56.7 de Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia, en todo caso, os ingresos que recade o Concello de Forcarei, en concepto de achega das persoas usuarias para a súa participación no custo dos servizos sociais comunitarios, estarán afectados ao financiamento dos servizos sociais que reciban.

Artigo 24º.- Da coordinación coas entidades privadas que atendan a persoas usuarias financiados total ou parcialmente con fondos públicos.

No caso das entidades privadas que presten o servizo de axuda no fogar, mediante financiamento total ou parcial con fondos públicos, ou que atendan a persoas usuarias derivadas do sistema de autonomía persoal e atención á dependencia, manterán unha coordinación efectiva cos servizos sociais comunitarios básicos, establecendo un protocolo de comunicación de altas no servizo de cada persoa usuaria, así como unha copia do correspondente proxecto de intervención e dos informes de seguimento, dirixidos aos servizos sociais comunitarios básicos do concello ou entidade local.

Artigo 25º.- Obrigados ao pagamento.

Están obrigados ao pagamento do prezo público regulado nesta ordenanza, as persoas usuarias beneficiarias do servizo prestado por este Concello ás que se refire o artigo 7.

Artigo 26º.- Nacemento da obriga de pago.

A obriga de pagar os prezos públicos regulados neste acordo regulador, nace, en xeral, dende que se inicie a prestación do servizo e deberá facerse efectivo de acordo coas seguintes normas de xestión:

1. Os prezos públicos contemplados nesta ordenanza satisfaranse con carácter posterior á prestación do servizo e con carácter específico, durante os primeiros vinte días do mes seguinte
2. Por parte do concello e sobre a base do parte de traballo asinado conxuntamente pola persoa usuaria e polo persoal de atención directa, elaborárase un recibo individual co importe correspondente ao servizo prestado no mes anterior que se remitirá á entidade bancaria elixida pola persoa beneficiaria para que se efectúe o pagamento.

Artigo 27º.—Custo por hora do SAF.

O custo por hora do SAF será o fixado anualmente.

Artigo 28º.- infraccións e sancións.

As infraccións e sancións rexeranse, no relativo aos pagos, pola Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria e polo Real Decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, e no resto das materias, polo disposto na Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

Disposición derogatoria.

Queda derogada expresamente a anterior ordenanza publicada no BOP nº 157 do 19 de agosto de 2013, así como as modificacións posteriores relativas ao servizo de axuda no fogar.



Disposición derradeira

A presente ordenanza entrará en vigor unha vez publicado o seu texto íntegro no BOP e transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985 do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

ANEXO I

BAREMO PARA DETERMINAR A ASIGNACION DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR EN REXIME DE LIBRE CONCORRENCIA.


Factor 1: AUTONOMIA PERSOAL(máximo 40 puntos) O valor asignado en función da falta de autonomía das persoas será o que se deduza da valoración realizada polos órganos competentes para a valoración da discapacidade e do grao de dependencia.

As persoas dependentes valoradas que polo calendario oficial de implantación teñan dereito á prestación pola vía de acceso directo do sistema de dependencia (PIA con posible asignación de servizos de axuda no fogar), non poderán acceder polo sistema de libre concorrencia

A asignación de valor en función do factor "autonomía persoal" realizarase de acordo coa seguinte táboa:

Táboa de equivalencias para a valoración do nivel de autonomía persoal									
De 33% a 64% de discapacida de	De 65% a 74% de discapacida de	75%-100%		81%-87%		88%-93%		94%-100%	Grao de discapacidade en menores de 18 anos sen valoración ade ATP ou BVD
		75%-100%discapacidade e ata 14 pts APT		75%-100%discapacidade e 15-29 pts ATP		75%-100%discapacidade e e 30-44 pts ATP		75%-100%discapacidade e e 45-72 pts ATP	Grao de discapacidade + axuda terceira persoa. ATP (R.D. 1971/1999)
		75% discapacida de e ata 24 pts. BVD	25-39 pts BVD	40-49 pts BVD	50-64 pts BVD	65-74 pts BVD	75-89 pts BVD	90-100 pts BVD	Grao de discapacidade + axuda terceira persoa. Puntuación BVD (R.D. 504/2007)
			Grao I, Nivel 1	Grao I Nivel 2	Grao II, Nivel 1	Grao II Nivel 2	Grao III, Nivel 1	Grao III Nivel 2	Situación de dependencia (Decreto 176/2007) Puntuación Nivel de autonomía persoal
5 pts	10 pts	14 pts	20 pts	24 pts	30 pts	32 pts	38 pts	40 pts	

Total puntos autonomía persoal



Factor 2:APOIO SOCIAL (máximo total 20 puntos)

Puntos

A persoa vive soa e carece de familiares e/ou redes distintas de apoio (20 puntos)-----

A persoa vive soa, carece de familiares e só ten apoio do contorno veciñal ou outras redes (18 puntos) -----

A persoa convive con persoa sen capacidade para atendelo (ata 12 puntos):

Cunha persoa maior de 70 anos (3 puntos) -----

Cunha persoa con discapacidade ou dependencia (3 puntos) -----

Cunha persoa que carece de tempo (3 puntos) -----

Con incapacidade para organizarse (3 puntos) -----

Os familiares néganse a atendelo/a aínda que teñan posibilidades (8 puntos) -----

Vive só/soa pero hai familiares con posibilidade de atendelos no mesmo concello ou a menos de 20 km(5 puntos) -----

Está ben atendido (0 puntos) -----

Puntos

Total puntos apoio social	
----------------------------------	--

Factor 3: SITUACION FAMILIAR /SOCIALIZACION MENORES (máximo total 20 puntos)

3.1 Conflito (máximo total 4 puntos)

Cun membro xerador de conflito de nivel moderado (1 punto) -----

Cun membro xerador de conflito de nivel grave (2 puntos) -----

Con máis dun membro xerador de conflito de nivel moderado (3 puntos) -----

Con máis dun membro xerador de conflito de nivel grave (4 puntos) -----

3.2. Limitacións de rol (máximo total 2 puntos)


Familias en que ambos os proxenitores ou titores teñan importantes limitacións físicas ou psíquicas para proporcionar unha axeitada atencións os menores (2 puntos) -----

3.3. Monoparentalidade (máximo total 2 puntos)

Familias monoparentais que por distintas circunstancias (saúde, traballo, idade avanzada...) non poidan atender aos menores (2 puntos)

3.4. Habilidades parentais (máximo total 2 puntos)

Familias con escasas habilidades parentais (carencia de hábitos alimenticios, aseo persoal, administracións do orzamento, ausencia de roles, organización (2 puntos) -----



3.5. Número de menores (máximo total 10 puntos)

Un menor (3 puntos) -----

Dous menores (5 puntos) -----

Tres menores (7 puntos) -----

Catro ou máis menores (10 puntos) -----

Puntos

Total puntos situación familiar/socialización menores	
--	--

Factor 4: OUTROS ASPECTOS SOCIAIS (máximo total 20 puntos)

4.1. Vivenda (total 10 puntos)

Non hai luz eléctrica (1 punto) -----

Non hai auga corrente (1 punto) -----

Non posúe WC (1 punto) -----

Non posúe cuarto de baño completo (1 punto) -----

Non ten neveira (1 punto) -----

Non ten quentador (1 punto) -----

Non ten lavadora (1 punto) -----

Non reúne condicións mínimas de hixiene/habitabilidade (1 punto) -----

Existen barreiras arquitectónicas no interior da vivenda (1 punto) -----

Existen barreiras arquitectónicas no exterior da vivenda (1 punto) -----

4.2. Integración no contorno (total 10 puntos)

Situación de illamento ou de rexeitamento (10 puntos) -----

Ausencia de relacións sociais (6 puntos) -----

Existen escasas relacións coas persoas do contorno (4 puntos) -----

Integración axeitada no contorno (0 puntos) -----

Puntos

Total puntos outros aspectos sociais	
---	--

Puntos

TOTAL XERAL	
--------------------	--

VALORACION SOCIAL:

Forcarei, de de

Asdo.: O/A TRABALLADOR/A SOCIAL



ANEXO II

SOLICITUDE DE AXUDA NO FOGAR
LIBRE CONCORRENCIA

DATOS DO USUARIO/A:

D.º/D		DNI
DATA DE NACEMENTO	ESTADO CIVIL	COBERTURA SANITARIA
ENDEREZO		TELÉFONO

DATOS DOS REPRESENTANTE DO USUARIO/A:

D/Dª	DNI
RELACION DE PARENTESCO CO USUARIO	DATA DE NACEMENTO
ENDEREZO	TELEFONO

PRESTACIÓNS SOLICITADAS:

DE CARÁCTER PERSOAL	DE CARÁCTER DOMESTICO	OUTRAS
---------------------	-----------------------	--------

DOCUMENTACION QUE SE ACHEGA (sinale cun X):

Fotocopia do DNI de todos os convivintes	
Tarxeta de asistencia sanitaria.	
Fotocopia do Libro de Familia.	
Certificado municipal de empadramento e convivencia familiar.	
Informe médico	
Recoñecemento do grao e nivel de dependencia e resolución do PIA	
Recoñecemento do grao de minusvalidez.	
Datos bancarios	
Xustificante de ingresos da unidade familiar de convivencia,	
Xustificante de pago de hipoteca ou aluguer da vivenda	
Outras	



DECLARO:

Que son certas as manifestacións realizadas sobre a miña situación persoal, social e familiar. Así mesmo, comprométome a presentar toda a documentación requirida ou solicitada con carácter adicional ou complementario polo Concello. Da mesma maneira, comprométome a comunica-las variacións ou as modificacións da situación inicial orixinaria da petición do Servizo de Axuda Fogar.

Forcarei, de 20

Firma do/da Usuario ou persoa que o representa

SRA. ALCALDESA DO CONCELLO DE FORCAREI

Consorte o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os seus datos serán tratados de xeito confidencial. Poderán ser incorporados ao ficheiro de Servizos Sociais, coa finalidade de utilizalos para as xestións municipais derivadas dos procedementos e consultas que inicia a persoa interesada nesta solicitude. En calquera momento poderá exercer os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo mediante un escrito que deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello.

ANEXO III

INFORME MÉDICO
(Servizo de Axuda no Fogar)
LIBRE CONCORRENCIA

D./D^a
Colexiado nº:.....
Médico de:.....
Localidade:.....
Teléfono:.....


INFORMA:

Que recoñecido/a D./D^a
con D.N.I nº:
data de nacemento:.....

PADECE ENFERMIDADE INFECTO-CONTAXIOSA:

- Si:
- Non:

En caso afirmativo indicar cal:



DIAGNÓSTICO E CUIDADOS QUE PRECISA:

DATOS SANITARIOS DE INTERESE (antecedentes clínicos, alerxias medicamentosas, dieta alimenticia, etc.):

Observacións.:

Data:

ANEXO IV
PROXECTO DE INTERVENCIÓN

1. Datos de identificación do expediente.

Expediente 1		Intervención nº 2		Data de solicitude		Data de inicio			
Sector de referencia 3			Ámbito de atención 3			Nº total de usuarios			
Nome e apelidos		Data de nacemento		DNI		Sexo		Estado civil	
Proxecto			Data do proxecto			Data fin de proxecto			

Antecedentes relevantes:

2. Atención que se prestará.

Días da semana.

L	M	X	J	V	S	D	Nº de horas semanais	Horario

1 Identificación do expediente en SIUSS.

2 Número de orde desta intervención en relación co total realizadas neste expediente.

3 Tipoloxía SIUSS.

4 Pódese empregar a tipoloxía SIUSS.

Tipo de servizo a prestar.

Perfil dos/as profesionais.

Outros servizos:

3. Existencia doutros servizos/apoios prestados a domicilio.

Existencia:

Servizos/apoios:

Nº de horas semanais:



4. Obxectivos específicos e tarefas que se propoñen.

Obxectivos do servizo proposto:

Tarefas que se realizarán:

5. Periodicidade do seguimento (mínimo bimensual).

Técnico responsable: /

Asdo.:

ANEXO V- ACORDO DE SERVIZO

CONTRATO DE ACEPTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR MUNICIPAL (S.A.F.) LIBRE CONCORRENCIA

Reunidos en Forcarei, dunha parte D. _____
DNI número _____ Domiciliado en _____

E doutra _____, en calidade de Traballador Social do Concello de Forcarei, Técnico responsable do servizo de axuda no fogar.

ACORDAN:

1.- Que o Concello de Forcarei prestará o Servizo de Axuda no Fogar (SAF), á persoa arriba citada, dende o día ____ de _____ de _____. A prestación do servizo realizarase por un prazo de _____ con posibilidade de prórroga segundo valoración técnica do Departamento de Servizos Sociais da entidade prestadora acreditada.

2.- Que a persoa usuaria ten recoñecido por Decreto da Alcaldía, unha intensidade de _____ horas mensuais. Que as citadas horas distribúiranse _____ semanalmente nos _____ seguintes días:

3.- Que atendendo ao Decreto 99/2012, á Orde do 22 de xaneiro de 2009 que regula o Servizo de Axuda no Fogar, a Ordenanza Fiscal municipal que regula as taxas do SAF, e a aplicación do baremo que corresponde, a unidade de convivencia conta cunha capacidade económica de _____ euros, polo que lle corresponde unha porcentaxe de _____ % sobre o custo do servizo. En base ao anterior e tendo en conta a intensidade do servizo, comprométese a achegar a cantidade de _____ euros mensuais polo total de horas prestadas.

4.- Que a persoa usuaria acepta domiciliar o aboamento da taxa do SAF establecido no punto tres, na entidade bancaria de súa elección, no número de conta autorizada para tal efecto.

5.- Que, de acordo co proxecto de intervención establecido para o caso, as actividades que se fixan inicialmente para o desenvolvemento do SAF son as seguintes:

- Atencións de carácter persoal
- Atencións de carácter persoal doutras actividades da vida diaria (acompañamentos fora do fogar)
- Atencións de carácter de apoio psicosocial e educativo
Atencións de carácter doméstico e da vivenda
- Atencións de carácter técnico e complementario
- _____



6.- Que as modificacións que puidese haber nas condicións inicialmente estipuladas neste acordo,deberán ser recollidas nun documento novo asinado pola persoa usuaria e a persoa responsable do SAF, sendo anexadas ao acordo orixinal.

7.- Que o servizo se prestará atendendo ás condicións reguladas na Orde do 22 de xaneiro de 2009 que regula o Servizo de Axuda no Fogar e na Ordenanza Municipal sobre o SAF, onde están recollidos os dereitos e obrigas da persoa usuaria , baixas temporais e causas de extinción.

8.- Que existe un libro de reclamacións a disposición das persoas usuarias nas dependencias do Concello.

9.- Que co presente acordo do servizo se lle entrega á persoa usuaria unha copia da ordenanza reguladora do servizo de axuda no fogar debidamente visada.

Ámbalas dúas partes dan a súa conformidade ao presente acordo de prestación do SAF, e asinano.

Forcarei, a _____ de _____ de _____

A persoa usuaria

Representante da entidade ou
Traballador/a social

ANEXO V- ACORDO DE SERVIZO

CONTRATO DE ACEPTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR MUNICIPAL (S.A.F.) USUARIOS DE DEPENDENCIA.

Reunidos en Forcarei, dunha parte D. _____
DNI número _____ Domiciliado en _____

E doutra _____ , en calidade de Traballador Social do Concello de Forcarei, Técnico responsable do servizo de axuda no fogar.

ACORDAN:

1.- Que o Concello de prestará o Servizo de Axuda no Fogar (SAF), á persoa arriba citada, dende o día _____ de _____ de _____, e con carácter indefinido.

2.-Que a persoa usuaria ten recoñecido por Resolución do Programa Individual de Atención, unha intensidade de _____ horas mensuais.

3.- Que o SAF se levará a cabo por un total de _____ horas efectivas mensuais, distribuídas semanalmente nos seguintes días:

4.- Que atendendo ao Decreto 99/2012, modificado polo Decreto 149/2013, á Orde do 22 de xaneiro de 2009 que regula o



Servizo de Axuda no Fogar, á Ordenanza Fiscal municipal que regula as taxas do SAF, e á aplicación do baremo que corresponde, a persoa usuaria conta cunha capacidade de _____ €uros, polo que lle corresponde realizar un copago de ___€ por cada hora de servizo prestado.

5.- Que a persoa usuaria acepta domiciliar o aboamento da taxa do SAF establecido no punto 4, na entidade bancaria da súa elección, no número de conta autorizada para tal efecto.

6.- Que, de acordo co proxecto de intervención establecido para o caso, as actividades que se fixan inicialmente para o desenvolvemento do SAF son as seguintes:

- Atencións de carácter persoal
- Atencións de carácter persoal doutras actividades da vida diaria (acompañamentos fora do fogar)
- Atencións de carácter de apoio psicosocial e educativo
Atencións de carácter doméstico e da vivenda
- Atencións de carácter técnico e complementario
- _____

7.- Que as modificacións que puidese haber nas condicións inicialmente estipuladas neste acordo, deberán ser recollidas nun documento novo asinado pola persoa usuaria e a persoa responsable do SAF, sendo anexadas ao acordo orixinal.

8.- Que o servizo se prestará atendendo ás condicións reguladas na Orde do 22 de xaneiro de 2009 que regula o Servizo de Axuda no Fogar e na Ordenanza Municipal sobre o SAF, onde

están recollidos os dereitos e obrigas da persoa usuaria, baixas temporais e causas de extinción.

9.- Que se informa á persoa usuaria do dereito que lle asiste a recibir o servizo todos os días da semana, incluíndo domingos e días declarados festivos.

10.- Que existe un libro de reclamacións a disposición das persoas usuarias nas dependencias do Concello.

11.- Que co presente acordo do servizo se lle entrega á persoa usuaria unha copia da ordenanza reguladora do servizo de axuda no fogar debidamente visada.

Ámbalas dúas partes dan a súa conformidade ao presente acordo de prestación do SAF, e asinano.

Forcarei, a _____ de _____ de _____

A persoa usuaria

Representante da entidade ou
Traballador/a social



2º. Publicar o presente acordo no BOP e no taboleiro de anuncios do Concello por prazo de 30 días nos que se poderán presentar reclamacións. No caso de presentarse a Corporación resolverá sobre as mesmas adoptando o acordo definitivo. De non presentarse reclamación entenderase aprobado

definitivamente o acordo provisional, debendo publicarse o texto íntegro da modificación no BOP.

9.- APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (DEPENDENCIA E BÁSICO) DO CONCELLO DE FORCAREI.

A Sra. Alcaldesa expón que esta modificación tráese ó pleno polos mesmos motivos expostos no punto anterior.

D. Roberto Jorge Correa, concelleiro do BNG, toma a a palabra para insistir en que os concellos deben fomentar o uso do galego, e aínda que se poidan utilizar os dous idiomas, como se fai no grupo mixto, é obriga da Alcaldía fomentar o uso do galego.

A Sra. Alcaldesa chama á orde a D. Roberto Jorge Correa por falar fora de turno.

Dna. Ana Isabel Doval Fraíz, voceira do PSdG-PSOE, expón que cando se aprobou e modificou a Ordenanza fiscal o seu grupo pensou que estaba ben feita, e agora ve que pola inspección se detectaron gazapos, incluso na lexislación, polo que roga que no departamento de servizos sociais se poña máis interese en elaborar este tipo de documentos, xa que se está a falar dunha ordenanza fiscal, e tócanse temas tan delicados como a posibilidade de retirarse o servizo por impago, sendo que neste punto estaba mal redactada, podendo serlle retirado o servizo a algún usuario. A Sra. Alcaldesa sinala que nunca se aplicou este punto da ordenanza e que ninguén no concello quedou sen servizo..

Sometido o asunto a votación resulta:

Votos a favor: seis (6), Sres./as Concelleiros/as do PP

-Votos en contra:cero (0)

-Abstencións: catro (4), Sres./as Concelleiros/as do PSdG-PSOE , Sr. Concelleiro do BNG e Sra. Concelleira de F.F

O pleno da corporación acorda por maioría absoluta do número legal de membros da corporación o seguinte acordo:

1º. Aprobar inicialmente a modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar do Concello de Forcarei co seguinte texto:

"ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (DEPENDENCIA E BÁSICO) DO CONCELLO DE FORCAREI.

No uso das facultades conferidas polos artigos 133.2 e 142 da constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, reguladora das Bases de Réxime Local, de conformidade co disposto nos artigos 15 ao 20 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, por o que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das facendas Locais (en adiante TRLRFL), o concello de Forcarei establece a taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar a que se refire o artigo 20.4.n) do TRLRFL, que se rexerá pola presente Ordenanza fiscal.

ARTIGO PRIMEIRO.- FEITO IMPOÑIBLE

Constitúe o feito impoñible desta taxa a prestación do servizo de axuda no fogar (dependencia e básico) concedido a través dos servizos sociais municipais nos termos e condicións do Regulamento do servizo.



ARTIGO SEGUNDO.- SUXEITOS PASIVOS

Serán suxeitos pasivos desta taxa as persoas que soliciten e se beneficien do servizo, tanto persoas que teñan recoñecida a situación de dependencia por Resolución da comunidade autónoma como as que, non tendo recoñecida a situación de dependencia reciban ou se beneficien do servizo de axuda a domicilio.

ARTIGO TERCEIRO.- RESPONSABLES

A responsabilidade será asumida nos termos do artigo 41 da Lei Xeral Tributaria. Serán responsables solidarios ou subsidiarios, as persoas ou entidades a que se refiren, respectivamente, nos artigos 42 e 43 da Lei Xeral Tributaria.

ARTIGO CATRO.- EXENCIÓNS

Segundo o establecido no artigo 24.4 do TRLRFL, onde se determina que para o establecemento da contra das taxas poderán terse en conta os criterios xenéricos de capacidade económica dos suxeitos obrigados a satisfacelas, e en virtude do exposto nos artigos 61 (modificado polo Decreto 149/2013, do 5 de setembro) e 62 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regula os servizos sociais comunitarios e a súa financiación así como nos artigos 17 e 18 da Ordenanza reguladora do servizo de axuda no fogar do concello de Forcarei, gozarán de exención da obriga de pago da taxa aqueles contribuíntes dependentes valorados cuxa capacidade económica sexa igual ou inferior ao indicador público de rendas de efectos múltiples (IPREM) así como aqueles contribuíntes beneficiarios do servizo de axuda no fogar básico cuxa capacidade económica sexa inferior ao 80% do indicador público de rendas de efectos múltiples (IPREM). a capacidade económica das persoas usuarias do servizo determinarase ao establecido no artigo seguinte.

ARTIGO QUINTO.- COTA TRIBUTARIA:

Para o cálculo da cuota tributaria, no caso de que a persoa acceda ao servizo a través do sistema de dependencia a cantidade a aboar polo usuario será a resultante de aplicar á capacidade económica do usuario a porcentaxe establecida para cada grao de dependencia no seguinte cadro:

Capacidade económica (referenciada ao IPREM) Ata	Grao I	Grao II	Grao III
	<=20 h	<=45 h	<=70 h
100,00 %	0,00 %	0,00 %	0,00 %
115,00 %	4,52 %	9,61 %	14,70 %
125,00 %	5,41 %	11,50 %	17,58 %
150,00 %	5,55 %	11,79 %	18,03 %
175,00 %	5,65 %	12,00 %	18,35 %
200,00 %	5,72 %	12,16 %	18,60 %
215,00 %	5,81 %	12,34 %	18,87 %
250,00 %	6,03 %	12,82 %	19,61 %*
300,00 %	6,24 %	13,26 %	20,29 %
350,00 %	6,42 %	13,63 %	20,85 %
400,00 %	6,54 %	13,90 %	21,25 %
450,00 %	6,63 %	14,09 %	21,55 %
500,00 %	6,70 %	14,25 %	21,79 %
>500 %	6,76 %	14,36 %	21,97 %

Neste suposto non se terá en conta o custo do servizo para calcular o copago (soamente se terá en conta para comprobar que non excede o límite do 90% establecido no artigo 61 do Decreto 99/2012, modificado polo Decreto 149/2013 do 5 de setembro).

SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

% Capacidade económica (referenciada ao IPREM) Ata	Grao I			Grao II			Grao III		
	Adaptacións funcionais do fogar, podoloxía, fisioterapia	Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables	Servizo de préstamo de axudas técnicas	Adaptacións funcionais do fogar, podoloxía, fisioterapia	Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables	Servizo de préstamo de axudas técnicas	Adaptacións funcionais do fogar, podoloxía, fisioterapia	Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables	Servizo de préstamo de axudas técnicas
	<=15			<=28			<=45		
100,00 %	0,00 %	12,87 %	13,76 %	0,00 %	22,73 %	24,29 %	0,00 %	35,51 %	37,95 %
115,00 %	5,98 %	13,10 %	14,00 %	10,56 %	23,12 %	24,71 %	16,50 %	36,13 %	38,61 %
125,00 %	7,15 %	13,39 %	14,31 %	12,63 %	23,64 %	25,26 %	19,73 %	36,94 %	39,47 %
150,00 %	7,34 %	13,52 %	14,44 %	12,95 %	23,87 %	25,50 %	20,24 %	37,29 %	39,85 %
175,00 %	7,47 %	13,61 %	14,54 %	13,18 %	24,03 %	25,67 %	20,60 %	37,54 %	40,12 %
200,00 %	7,57 %	13,76 %	14,70 %	13,36 %	24,29 %	25,96 %	20,87 %	37,96 %	40,56 %
215,00 %	7,68 %	13,83 %	14,78 %	13,56 %	24,42 %	26,09 %	21,18 %	38,16 %	40,77 %
250,00 %	7,98 %	13,96 %	14,91 %	14,09 %	24,64 %	26,33 %	22,01 %	38,50 %	41,14 %
300,00 %	8,25 %	14,06 %	15,02 %	14,57 %	24,82 %	26,52 %	22,77 %	38,78 %	41,44 %
350,00 %	8,48 %	14,16 %	15,13 %	14,98 %	25,00 %	26,72 %	23,40 %	39,07 %	41,74 %
400,00 %	8,65 %	14,35 %	15,33 %	15,27 %	25,33 %	27,06 %	23,85 %	39,57 %	42,29 %
>400,00 %	8,77 %	14,48 %	15,48 %	15,48 %	25,57 %	27,32 %	24,19 %	39,95 %	42,69 %

No caso de que a persoa usuaria acceda ao servizo a través do sistema de libre concorrencia, una vez calculada a capacidade económica, esta dará lugar a un determinado porcentaxe de acordo co seguinte cadro:

CAPACIDADE ECONÓMICA	Participación no custe do servizo de SAF básico
Menor de 0,80 IPREM	0%
Maior de 0,80 e menor ou igual a 1,50 IPREM	15%
Maior de 1,50 e menor ou igual a 2,00 IPREM	25%
Maior de 2,00 e menor ou igual a 2,50 IPREM	40%
Maior de 2,50 e menor ou igual a 3,00 IPREM	50%
Maior de 3,00	90%



A cantidade a aboar polo usuario será a resultante de aplicar a porcentaxe anterior ao prezo/intensidade do custo do servizo. A determinación da capacidade económica das persoas usuarias do servizo de axuda no fogar Básico, farase do seguinte xeito, ao abeiro do artigo 60 do decreto 99/2012:

- Computarase a renda de todas as persoas residentes na mesma unidade de convivencia. Para estes efectos considérase renda a suma de calquera das modalidades de ingreso a que se refire o artigo 6.2 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas.
- Computarase, así mesmo, o patrimonio neto de todas as persoas residentes na unidade de convivencia.

Para estes efectos, enténdese por patrimonio neto o conxunto de bens e dereitos de contido económico de que sexan titulares, determinados consonte as regras de valoración recollidas na Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, con dedución das cargas e gravames de natureza real que diminúan o seu valor, así como das débedas e obrigas persoais das cales deba responder. Igualmente, para o cómputo do patrimonio neto deberán terse en conta as exencións que prevé a Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, ao respecto da vivenda habitual e doutros bens e dereitos.

c.- A capacidade económica calcularase sumando todas as rendas computables, modificadas á alza pola suma dun 5% do patrimonio neto en cómputo anual, e dividindo o resultado da dita suma entre o total de persoas que convivan no fogar.

ARTIGO SEXTO.- DEVENGO, PERÍODO IMPOSITIVO E INGRESO

As taxas reguladas na presente Ordenanza fiscal devengarase no momento en que se notifique a prestación do servizo.

O período impositivo será mensual.

O Pagamento das taxas realizarase nos primeiros vinte días do mes seguinte ao da prestación do servizo, mediante domiciliación bancaria que

autorizará o solicitante do servizo, por escrito, (recoméndase que o pago se realice nos vinte primeiros días do mes seguinte)

Para que a falta de pago sexa causa de extinción debe ser reiterada.

ARTIGO SEPTIMO.- INFRACCIÓN E SANCIÓN:

No relativo as infraccións e sancións tributarias desta Ordenanza será de aplicación o disposto na Lei Xeral tributaria e restante normativa de aplicación.

DISPOSICIÓN FINAIS:

No non previsto nesta Ordenanza será de aplicación o previsto na Lei Xeral Tributaria e restante normativa de aplicación.

A presente Ordenanza fiscal entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación.

Contra o presente acordo, conforme o artigo 19 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, que aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, poderase interpor polos interesados recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte o de publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

2º. Publicar o presente acordo no BOP e no taboleiro de anuncios do Concello por prazo de 30 días nos que se poderán presentar reclamacións. No caso de presentarse a Corporación resolverá sobre as mesmas adoptando o acordo definitivo. De non presentarse reclamación entenderase aprobado definitivamente o acordo provisional, debendo publicarse o texto integro da modificación no BOP.

10.- DACION DE CONTA DA POSTA EN FUNCIONAMENTO DA ASOCIACIÓN DE VOLUNTARIOS DE PROTECCIÓN CIVIL DO CONCELLO DE FORCAREI.

A Sra. Alcaldesa concede a palabra a D. Vicente Búa, voceiro do PP, o cal explica que "o obxectivo do presente punto é dar conta ao Pleno do Concello de Forcarei, da regularización do funcionamento da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil de Forcarei. Cree que non é preciso recordar, ante este Pleno, a situación anómala que se viviu alá polos anos 2012-2013, nos cales algún membro da Agrupación de Voluntarios, trataron de confundir, non sei se intencionadamente se por propia ignorancia sobre a realidade da Agrupación de Voluntarios de protección Civil de Forcarei. Se ben, dun xeito persoal, creo oportuno dicir, que á vista de algúns acontecementos que a posterior se deron, con estes integrantes da Agrupación, non podo en ningún caso, desbotar a hipótese da mala fé nalgún dos seus actos. Se ben, non podo nin quero esquecer tampouco o seu Servizo de apoio á Cidadanía, finalidade básica da Protección Civil, e que mentres o desempeñaron, foi, como mínimo, axeitado. Nese senso, é obrigado recoñecerlle a súa labor.

Sexa como fose, cabe dicir que aínda que en ningún momento se deixou de prestar o apoio á cidadanía, grazas ao bo facer dos actuais voluntarios, somos conscientes de que dende entón a Agrupación semellaba estar nunha situación anómala, que a dende xa mesmo, pasa a aclararse, acadando así un dos obxectivos que este Grupo de Goberno se marcou como prioritario



Para elo, hai que recordar o seguinte, e para elo o traemos a este Pleno:

- Con data de 3 de abril de 1992, aprobáronse os Estatutos que rexen a Agrupación Municipal de Voluntarios de Protección Civil, e que segundo se nos confirmou dende o Servizo de Emerxencias da Consellería de Presidencia, se atopan vixentes e adaptados á normativa actual.
- Con data de 29 de decembro do 2000, o Pleno deste Concello, aprobou o Regulamento da Agrupación Municipal de Voluntarios de Protección Civil, que como se pode entender, regula todo o relativo ao funcionamento da AVPC, dándolle á mesma carácter municipal, en virtude ao requirido polo Decreto 56/2000, que ven a ser o de aplicación no que a Protección Civil se refire.
- Nesa mesma Sesión Plenaria, aprobouse a creación da Xunta Local de Protección Civil, que ven a ser o órgano que marca a liña de traballo da AVPC.

Todo o anteriormente exposto, pasa por ser a realidade da AVPC, debaténdose polo tanto, prantexamentos erróneos que falaban dun Convenio entre a Asociación de Colaboración Civil e Cidadana de Forcarei, que realmente figura inscrita e actualizada no Rexistro de Asociacións de Galicia; sen embargo, tal convenio nunca existiu de xeito físico como así nolo informou o xa citado Servizo de Emerxencias da Consellería de Presidencia da Xunta de Galicia; e non podería haber existido nunca, pois non poden no mesmo Concello, confluír dous entes que presten o servizo de Protección Civil.

Por todo o exposto, dende o Grupo de Goberno, queremos deixar claro o funcionamento da AVPC, que pasa por ser de carácter municipal, como ademais se recolle no artigo 4º dos seus estatutos.

Dun xeito inmediato, procederase á actualización de membros desta AVPC, e procederase á elección da nova Directiva, que será quen acorde a súa organización interna, tendo sempre en conta os Estatutos.

Como se puido comprobar nos orzamentos que vimos de aprobar, este Goberno Municipal, dotou de orzamento suficiente as partidas referentes a Protección Civil, para poder atender as necesidades da Agrupación.

Xa para rematar, creo xusto agradecer aos actuais Voluntarios que dende ese ano 2012, ven desenvolvendo a súa labor sen máis preocupación que o benestar da veciñanza. Contamos cun grupo de Voluntarios, que deixaron clara a súa adicación ao ben común, e para elo podemos poñer como exemplo as 95 actuacións que a día de hoxe se poden contabilizar neste ano 2015, ben sexa en accidentes de tráfico, domésticos, de apoio a urxencias sanitarias ou na xestión de incidentes con animais que invaden as estradas causando unha situación de risco, entre outras moitas. Estamos seguros que os veciños de Forcarei, van seguir contando coa implicación destes Voluntarios, máis agora que ven como a súa labor se desenvolve plenamente ao amparo do Concello, permitindo entre outros aspectos, dotalos dalgúns medios dos que ata o de agora carecían “

A Sra. Alcaldesa súmase ó agradecemento ós voluntarios.

D. Roberto Jorge Correa, concelleiro do BNG, integrante do grupo mixto, súmase á felicitación ós voluntarios e lamenta que no pasado houbera esas discrepancias. Ó tratarse dun tema tan importante queren que se lles facilite máis información, así como a copia dos estatutos, da directiva e demais documentación.

D. Vicente Búa sinala que hai que actualizar ós membros da agrupación e nomear ós membros da Xunta Directiva. D. Roberto Jorge pregunta cantos membros ten a agrupación, e pola Asociación de Protección Civil que leva traballando tantos anos. D. Vicente Búa responde que non hai ningún vínculo entre o concello e a Asociación, pois nunca houbo un convenio con ela, e como só pode haber unha agrupación municipal decántanse por dita agrupación, porque é a que está recoñecida polo pleno e ten os estatutos aprobados.

Dna. Ana Isabel Doval Fraíz, voceira do PSdG-PSOE, sinala que posto que o grupo de goberno quere poñer en funcionamento a agrupación municipal de protección civil, lle gustaría saber que medios ten pata actuar. D. Vicente Búa responde que como primeiro paso se propuxeron informar ó pleno, logo hai que nomear ós membros da xunta directiva; di que haberá uns sete voluntarios, dous todoterreo e unha quitaneves. Dna. Ana Isabel Doval solicita que lle poñan a disposición toda a documentación da que se dispoña sobre o exposto.



11.- MOCIÓN

11.1.- MOCIÓN DO PSdG-PSOE SOBRE PROPOSTAS FISCAIS PARA UNHA TRIBUTACIÓN XUSTA DOS EMIGRANTES RETORNADOS.

Con data 14/11/2015, nº de rexistro de entrada 4463, presentase polo PSdG-PSOE a seguinte moción:

"

QUE EN CUMPLIMENTO DO ACORDO ADOPTADO NA DEPUTACIÓN
DE PONTEVEDRA SOBRE AS PROPOSTAS DA FEDERACIÓN
ESPAÑOLA DE ASOCIACIÓN DE EMIGRANTES RETORNADOS PRESENTASE
ESTA MOCIÓN ELABORADA POR TIPO COLECTIVO

E polo que SOLICITA:

O DEBATE E APROBACIÓN EN PLENO DAS PROPOSTAS FISCAIS
PARA UNHA TRIBUTACIÓN XUSTA DOS EMIGRANTES RETORNADOS

"

D^a. Ana Isabel Doval Fraiz, voceira do PSdG-PSOE, indica que o seu grupo non é o que presenta esta moción, senón que da traslado ó pleno dunha proposta dun colectivo para que os grupos de emigrantes retornados teñan unha tributación xusta.

D. Vicente Búa Martínez, voceiro do PP apoia a moción en todos os seus temas. Sinala que ó mellor chega tarde porque xa se levan devolto moitos millóns de euros, dos cales moitos son de persoas galegas. Engade que entende que o que hai que facer é modificar a lei, e pídelle ó partido socialista que non se achegue ás posturas da deputación provincial de Pontevedra cando indicou que era unha lei inxusta que nunca aplicaron, xa que consideran que aínda que a lei sexa inxusta é unha lei e como tal hai que aplicala.

D^a. Ana Isabel Doval sinala que esta moción presentouse xa en outubro, pero o pleno xa estaba convocado, e que polo tanto veu a pleno cando houbo pleno que celebrar, podéndose traer antes polo grupo de goberno si quixeran. Indica que é certo que as leis hai que aplicalas, pero que non se pode facer cunha dobre vara de medir, xa que a Sra. Alcaldesa acaba de indicar que a Ordenanza fiscal do SAF tampouco se aplicou nun punto.



Sometido o asunto a votación resulta aprobada por unanimidade de membros presentes, que supón maioría absoluta do número legal de membros da corporación o seguinte acordo:


"

**PROPOSTAS FISCAIS PARA UNHA TRIBUTACIÓN XUSTA DOS EMIGRANTES
RETORNADOS**

Unha vez finalizado o proceso recollido na Disposición Adicional Única sobre a regularización de débedas tributarias correspondentes a pensións procedentes do extranxeiro e condonación das sancións, recargos e intereses liquidados por este concepto, detectamos numerosos erros que advertíramos desde un principio e que desgraciadamente nunca se subsanaron. A FEAER non pide ningún trato de favor ou privilexio, simplemente solicita que se teña en conta a singularidade deste colectivo, os beneficios que a emigración reporta ao noso país e que se repare no posible o dano aflixido ao retorno.

Con todo isto a FEAER propón:

- Unha tributación apropiada da renda dos emigrantes retomados atendendo á orixe das mesmas e a súa connotación histórica, tendo en conta que son pensións extranxeiras que se xeran no exterior e revirten na economía nacional.
- A AEAT debe asumir con carácter xeral as sentenzas dos Tribunais Superiores de Xustiza que dan como exentas as rentas procedentes dos organismos de pensións alemáns, respetando os convenios bilaterais e procedendo a devolución de oficio das cantidades recaudadas por este concepto.
- Establecer os medios necesarios para que, como calquera contribuínte, o pensionista emigrante retomado reciba o seu borrador da declaración de Facenda con todos os ingresos a declarar.
- Que se establezan os mecanismos necesarios para a homologación ou convalidación das pensións de invalidez proviñes de países extranxeiros e o recoñecemento automático das mesmas por parte da administración española.
- Conceder unhas medidas de aplazamento extraordinario acorde ao proceso de regularización que se levou a cabo, anulando os intereses xerados por eses fraccionamentos. Na maioría dos casos a AEAT non respetou un mínimo vital de supervivencia.
- A devolución de oficio das sancións e recargos aplicados inxustamente que non foron reclamadas polos retomados, cantidade que según a AEAT elevábase a sete millóns de euros.
- A devolución de oficio das cantidades derivadas do período de regularización ata o ano 2012 incluído. Entendemos que o Goberno asumiu un erro ao establecer este período voluntario e por tal motivo tería que anular o efecto retroactivo que contempla a Lei Fiscal.



**Dar traslado dos presentes acordos debatidos en Moción do Concello ao
Goberno de España, Consello de Ministros e á Asociación Provincial de
Emigrantes Retornados**

11.2.- MOCIÓN DO PSdG-PSOE, PARA PEDIR A DERROGACIÓN DA LEI 27/2013 (LRSAL) OU, NO SEU DEFECTO, A DEVOLUCIÓN ÁS ENTIDADES LOCAIS DAS COMPETENCIAS EN MATERIA DE SERVIZOS SOCIAIS E PROMOCIÓN E REINSERCIÓN SOCIAL.

Con data, nº de rexistro de entrada presentase polo PSdG-PSOE a seguinte moción:

MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE FORCAREI PARA PEDIR A DERROGACIÓN DA LEI 27/2013, DO 27 DECEMBRO (LRSAL) OU, NO SEU DEFECTO, A DEVOLUCIÓN ÁS ENTIDADES LOCAIS DAS COMPETENCIAS EN MATERIA DE PRESTACIÓN DE SERVIZOS SOCIAIS E PROMOCIÓN E REINSERCIÓN SOCIAL.

De acordo e ao amparo do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Grupo Municipal Socialista desexa someter á consideración do Pleno Municipal a seguinte **MOCIÓN**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local veu reformar a Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, poñendo en xaque a base do municipalismo e o modelo que garantiu a cohesión social do noso país durante os últimos trinta anos.

A reforma exposta priva ás entidades locais das competencias en materia de prestación dos servizos sociais e de promoción e inserción social, así como en sanidade, consumo, igualdade, políticas activas de emprego, etc.

A nova Lei consagra unha visión exclusivamente economicista das funcións mesmas do Estado e en especial das Entidades Locais, ao citar a estabilidade orzamentaria como principio reitor que debe presidir as actuacións de todas as Administracións públicas no canto de situar a atención aos cidadáns/as e a calidade na prestación de servizos no centro da reforma.

Desde o principio, o PSOE opúxose frontalmente a esta reforma porque ataca e dana á raíz mesma do goberno municipal, recorta competencias aos concellos e abre o camiño á desaparición ou á privatización dos servizos sociais que prestan os concellos. O texto é, ademais, un ataque á Carta Europea de Autonomía Local. Tamén se opuxeron o resto dos grupos da oposición e alcaldes de toda España, incluídos moitos do Partido Popular.



Por iso, os Grupos Parlamentarios Socialista, Esquerda Plural, Unión Progreso e Democracia, e Mixto (BNG, CC-NC-PNC e Compromís-Q) presentaron un recurso de inconstitucionalidade contra esta Lei. O mesmo fixeron algunhas Comunidades Autónomas. Igualmente, máis de 3.000 concellos de toda España, que representan a máis de 16 millóns de cidadáns e cidadás, presentaron un conflito ante o Tribunal Constitucional en defensa da autonomía local constitucionalmente garantida. Tanto os recursos como o conflito presentados foron admitidos a trámite polo Tribunal Constitucional e están pendentes de tramitación e sentenza.

Hoxe de novo, reafirmamos o noso compromiso de derrogar esta lei en canto o PSOE chegue ao Goberno. Un dos principais ataques ao municipalismo da LRSAL é un cambio profundo na organización do sistema público dos Servizos Sociais, que afecta a repartición e a relevancia da Administración Local no conxunto das actuacións do Estado, desposuíndoa de todas as súas facultades de acción neste ámbito, un dos máis importantes para construír unha comunidade, e onde é esencial a proximidade para a prestación dos servizos. Calcúlase que cando o 31 de decembro entre en vigor a previsión de cesión das competencias de servizos sociais municipais ás CCAA, máis de 8,5 millóns de cidadáns veranse afectados.

Desta maneira créase unha situación crítica para a continuidade do sistema público de Servizos Sociais en España que se foi construíndo desde os anos 80, sobre a base do marco constitucional, e dos **Estatutos de Autonomía. En desenrolo do marco constitucional foise consolidando o actual sistema público de Servizos Sociais, baseado na cooperación entre administracións e que permite a aplicación do Plan Concertado de Servizos Sociais.**

Esta reforma creba a estrutura xa consolidada e limita extraordinariamente as funcións de prestación dos servizos sociais e de promoción e reinserción social dos consistorios á mera "avaliación e información de situacións de necesidade social, e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social", desnaturalizando por completo o sistema actual.

Ademais, isto lévase a cabo nun momento en que as cifras de pobreza en España son cada día máis dramáticas. Na actualidade, 1 de cada 5 persoas viven no noso país por baixo do limiar de pobreza. 2,8 millóns de nenos, o 33,8 por cento da poboación menor de idade, están en risco de pobreza. A taxa de cobertura por desemprego baixou até deixar desatendidas á metade das persoas en paro, mentres que ter un traballo, xa non garante saír da pobreza en España.

Tamén se marxina aos cidadáns que viven no medio rural, como é o caso de Forcarei, ao eliminar calquera servizo social dos pobos con menos de 20.000 veciños (incluso os servizos sociais de asistencia inmediata deixan de ser de carácter obrigatorio nos municipios pequenos) en aras dunha pretendida maior rendibilidade, e para traspasar ditas competencias directamente ás deputacións provinciais.

En definitiva a LRSAL suporá para millóns de persoas perder a atención social que reciben dos seus Concellos. Por iso, a Xunta de Goberno da FEMP pediu unha moratoria da súa entrada en vigor e a posterior derogación da mesma.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal Socialista somete á consideración do Pleno Municipal a presente **MOCIÓN**, solicitando a adopción do seguinte **ACORDO**:



Dirixirse ó Goberno do Estado para:

- a) Derrogar a lei 27/2013, de 27 de decembro de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- b) Mentres tanto, se comprometa a tramitar, de forma inmediata, unha modificación legislativa que devolva urxentemente ás Entidades Locais as competencias en materia de prestación dos servizos sociais e de promoción e reinserción social, reafirmando a autonomía municipal constitucionalmente garantida, entendida como a capacidade de decisión en todos os ámbitos da vida cidadá, sen prexuízo da necesaria coordinación de competencias entre administracións, baixo os principios de calidade do servizo, proximidade e subsidiariedade.

Dna. Ana Isabel Doval Fraiz, voceira do PSdG-PSOE, indica que é a segunda vez que traen a pleno unha moción sobre a lei 27/2013, a primeira vez foi para pedir a súa derogación cando a aprobaron, e recorda que está admitido a trámite o recurso presentado contra dita lei. O senso desta moción é que se volva a dotar de contido ás administracións locais, sobre todo porque hai moita xente no umbral da pobreza, e ó primeiro que recorren é ó concello, como administración máis cercana, por iso piden a derogación da lei, para deixar actuar ás administracións locais.

D. Vicente Búa Martínez, voceiro do PP, comeza a súa intervención sinalando que é consciente de que cando se aproba unha lei que se chama de racionalización y sostenibilidad de la Administración Local van ter un conflito co PSOE, porque nunca foi capaz de xestionar racionalmente os fondos públicos, engadindo que o seu grupo vai votar en contra da moción porque se trata dunha lei e hai que cumprila.

Dna. Ana Isabel Doval pregunta que se vai facer cos servizos sociais do concello si o concello se queda sen competencias, ó que D. Vicente Búa responde que os servizos sociais estarán cubertos.

D. Roberto Jorge Correa, concelleiro do BNG, integrante do Grupo mixto, esixe a mesma vara de medir para todo o mundo, e que non permita para o seu grupo o que non permite para os demais, polo que se entra nun debate sobre as quendas de intervención no pleno.

Sometido o asunto a votación resulta:

Votos a favor: catro (4), Sres./as Concelleiros/as do PSdG-PSOE , Sr. Concelleiro do BNG e Concelleira de F.F

-Votos en contra: seis (6) Sres./as Concelleiros/as do PP

-Abstencións: cero (0)

O pleno da corporación rexeita por maioría absoluta do número legal de membros da corporación a moción presentada.

11.3.-.- MOCIÓN DO PSdG-PSOE SOBRE A INCLUSIÓN DA VACINA CONTRA A MENINXITE B NO CALENDARIO VACINAL. .

Con data, nº de rexistro de entrada presentase polo PSdG-PSOE a seguinte moción:



MOCIÓN PARA INSTAR AOS GOBERNOS DE ESPAÑA E DA XUNTA DE GALICIA A INCLUIR A VACINA CONTRA A MENINXITE - B NO CALENDARIO VACINAL

O Grupo Municipal do Partido dos Socialistas de Galicia – PSOE, en base ó disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e demais normativa de aplicación, presenta a seguinte **MOCIÓN** no concello de Forcareí para o seu debate en Pleno.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A invención da primeira vacina, a da varíola, realizada por Edvard Jenner aló polo ano 1796 supuxo un fito na loita contra a enfermidade. A partir dese momento, foron xurdindo vacinas para as enfermidades mortais ou con graves secuelas tales como tifo, tétanos, difteria, tosferina, tuberculose, poliomelite, etc ..., o que proporcionou unha batería de ferramentas moi valiosas para poder loitar contra estas enfermidades e as súas devastadoras consecuencias. Estas novas armas á disposición dos médicos, deron como consecuencia unha importante diminución da mortalidade infantil e un aumento da esperanza e calidade de vida, pero só estaban dispoñibles para un pequeno sector da poboación, aquel que tiña os recursos suficientes para sufragalo gasto económico destas vacinas.

Co transcorrer do tempo, en España iniciáronse campañas de vacinación que non foron de carácter obrigatorio ate os anos 20 por mor dunha epidemia de varíola, despois desta etapa de campañas, nos anos 70 impleméntanse os calendarios vacinais, incidíndose na prevención temperá ao realizala naqueles grupos de maior risco como son os nenos/as dende case o nacemento. En España, estas vacinacións sufragadas polo erario público, supuxeron un gran avance non só en saúde e diminución drástica da mortalidade infantil, senón en igualdade de oportunidades, posto que calquera familia tiña ao seu dispor, de xeito gratuíto, a oportunidade de inmunización ou polo menos de minimalos riscos e secuelas de moitas enfermidades.

A Constitución Española, no artigo 43 de protección da saúde, no seu punto primeiro recoñécelle aos cidadáns españois o dereito á protección da saúde e no segundo, establece que compete aos poderes públicos organizar e tutelar a saúde pública a través de medidas preventivas e das prestacións e servizos necesarios.

O Convenio sobre os Dereitos do Neno, aprobado pola ONU e ratificado por España, establece no artigo 6, que os Estados asinantes recoñecen que tódolos nenos teñen dereito intrínseco á vida e garantirán na máxima medida posible a supervivencia e o desenvolvemento do neno.

Existe dende fai meses un colectivo denominado “Plataforma de Cidadáns pola Saúde - Vacina XA”, que se mobiliza para recordarlle aos poderes públicos os deberes de protección que teñen coa cidadanía e en especial na protección da saúde e a prevención da enfermidade e esixen destes poderes, que introduzan a vacina contra a meninxite B de xeito universal e gratuíto para tódolos cidadáns, tendo en conta que neste ano xa morreron dous veciños de Arteixo e outro en Boiro. Dende esta plataforma son conscientes de que o eido municipal non ten case competencias a nivel sanitario e que a Xunta de Galicia non é quen de modificar unilateralmente o calendario vacinal, pero



recórdanos que os Grupos Municipais dos concellos, están formados por veciños e veciñas, e son os representantes políticos da administración máis próxima á cidadanía, por iso nos piden que sexamos os valedores da súa causa ante os Gobernos da Xunta de Galicia e o Goberno de España, propoñendo, para aprobar polo pleno municipal, os seguintes **ACORDOS**:

- Instar ao Goberno de España para que curse orde ao Ministerio de Sanidade para que a vacina da Meninxite B, sexa incluída de xeito inmediato no calendario vacinal.
- Instar á Xunta de Galicia para que, no caso de que o Ministerio de Sanidade non acepte a inclusión inmediata da vacina contra a Meninxite B, instaure unha nova experiencia piloto coa implantación da vacina da Meninxite B.

Dña. Ana Isabel Doval Fraiz, voceira do PSd-G-PSOE, indica que hai unha grande mobilización cidadá para introducir a vacina de xeito gratuito e universal. Considera que aínda que o concello non ten competencia nesta materia é importante apoiar esta vacinación polos nosos veciños, e trasladarlle ó goberno a necesidade de incluír esta vacina no calendario vacinal.

D. Vicente Búa Martínez, voceiro do PP, sostén que os asuntos que se traen ó pleno deben ser competencia do pleno. Tivo que documentarse sobre o tema para saber que hai estudos que din que a vacina debe estar no calendario vacinal e outros que din o contrario, polo que se pregunta si os concelleiros de Forcarei poden dicir algo que non está estudado, e sinala que cando os estudos digan que a vacina é necesaria xa se introducirá no calendario vacinal. Por eses motivos van votar en contra.

Dña. Ana Doval sinala que é un tema que afecta a todos os pais e nais de Forcarei, e que os médicos pediatras recomendan vacinar. Para que os concelleiros se faga unha idea, ela mesma se atopa nestes intreos no número 350 nunha lista de espera dunha farmacia por des abastecemento da vacina.

Dña. María Abilleira Pomar, concelleira de F.F , integrante do grupo mixto, sinala que como nai mostra o seu apoio á moción presentada para introducir a vacina contra a meninxite B no calendario vacinal. Sinala que a conveniencia médica é a mesma que para a vacina contra o papiloma humano, que xa está dentro do calendario vacinal, e segue a haber estudos encontrados sobre a mesma, con médicos a favor e médicos en contra.

Sometido o asunto a votación resulta:

Votos a favor: catro (4), Sres./as Concelleiros/as do PSdG-PSOE , Sr. Concelleiro do BNG e Sra. Concelleira de F.F

-Votos en contra: seis (6) Sres./as Concelleiros/as do PP

-Abstencións: cero (0)

O pleno da corporación rexeita por maioría absoluta do número legal de membros da corporación a moción presentada.

12.-ROGOS E PREGUNTAS

A Voceira do PSOE, D^a Ana Doval, fai os seguintes:



- Roga que se poña un punto de luz no cemiterio de Soutelo. Indica que os veciños queixáronse en defuntos pola falta de luz no recinto, e que as empresas que traballan alí collen luz de outras empresas cercanas. Considera que este rogo é moi importante e de escaso valor económico. A Sra. Alcaldesa toma nota do rogo e sinala que será atendido.

- Indica que como veciña do municipio, na súa zona, ve como veñen coches pola estrada de Ourense que os domingos paran a votar lixo no contedor verde, e pensa que iso pode penalizar ó concello. A Sra. Alcaldesa e o resto dos concelleiros amosan o seu acordo neste punto, e indica que tamén pasa noutras zonas, pero que pouco pode facer o concello, que sería necesario que os veciños collan a matrícula dos vehículos.

- Ten constancia de que veciños de Debesa de Arriba solicitaron que se limparan as cunetas, D. Vicente Búa, voceiro do PP di que xa se limparon a semana pasada.

D^a María Abilleira Pomar, concelleira de F.F formula os seguintes rogos e preguntas:

- Roga que se siga ca política de seguridade vial e que se solucione o problema na zona do colexio, piscinas, pavillóns... nos que non existen pasos de peóns.
- Indica asemade a queixa dos veciños de Forcarei por un canalón que caeu no edificio da pastelería, solicitando que actúe o Concello e que se vale a zona para evitar perigo por máis derrubes do edificio.

A Sra. Alcaldesa responde que se traballa moito na seguridade vial, e que nesa zona agora xa non pasan tantos vehículos porque se desviou o tráfico por unha rúa anterior. Dna. María Abilleira di que con solo un vehículo que pase xa pode haber unha desgraza. A Sra. Alcaldesa, en canto ó segundo rogo, sinala que o edificio en cuestión ten aberto un expediente de ruína e que se está traballando no tema. Insiste Dna. María Abilleira en que debería valarse a zona por motivos de seguridade.

D. Roberto Jorge Correa, concelleiro do BNG presenta os seguintes rogos e preguntas:

- Roga que se lle entregue o expediente da festa dos maiores, que hai un mes que o pediu e aínda non se lle facilitou.
- Roga que se cambie o dominio da web do concello a ".gal".
- Roga que se revise o semáforo de Cachafeiro que amosa un funcionamento anómalo.
- Indica que os veciños de Loureiro quéixanse de que non reciben algunhas canles de TV.
- En canto á licitación do servizo de limpeza indica que non se valora ter domicilio en Forcarei, que non se limita a subcontratación e que non se lle esixe ó adxudicatario ter unha oficina en Forcarei.

(Neste punto prodúcese un debate entre o Sr. Concelleiro e a Sra. Alcaldesa ó sinalar esta que a CIG é o sindicato do concelleiro, respondendo este que non ten nada que ver un partido político cun sindicato).

D. Roberto Jorge Correa, concelleiro do BNG continúa:

-¿Solicitamos a axuda da deputación para equipamento deportivos?, o BNG solicitou banquiños para o pavillón de Forcarei. A Sra. Alcaldesa responde que nos cinco días de prazo que concedeu deputación para solicitar a subvención, o concello poido solicitala, pero para outra cousa. D. Roberto Jorge pregunta si a súa petición vaise ter en conta noutras actuacións, ó que a Sra. Alcaldesa responde que se establecen prioridades entre as diferentes propostas, ó igual que sucede si as presentan os seus concelleiros.



Antes de finalizar ó pleno, e por motivos de urxencia, D. Vicente Búa Martínez, voceiro do PP quere dar lectura a un manifesto en apoio á agresión sufrida polo Presidente do Goberno en Pontevedra. O texto literalmente dí o seguinte:

"O Grupo Municipal do Partido Popular de Forcarei, quere presentar un comunicado de condena da agresión sufrida onte en Pontevedra, polo Presidente do Goberno e candidato do PP as vindeiras eleccións Xerais, Mariano Rajoy Brey, e agarda obter o respaldo ao mesmo, por parte dos demais grupos municipais, aos que demanda a súa solidariedade ante un inxustificable acto de violencia.

Ao longo de case 40 anos todos os grupos políticos temos creado un clima de cordialidade e entendemento que deron como froito o maior desenvolvemento socioeconómico da historia de España.

Ese respecto mutuo, favoreceu a consolidación da democracia, que tanto nos custou acadar, máis aló das diferentes ideoloxías, e cremos, que ese debe ser un valor incuestionable neste país.

Consideramos, que ese principio, violouse onte co inconcibible ataque a Mariano Rajoy, e queremos transmitir a condena máis absoluta e sen fendas por este acto de violencia, ao igual que facemos con calquera outro tipo de situación similar na que o diálogo é substituído polos golpes.

Ante esta situación, reclamamos o apoio a esta declaración de condena ante unha agresión, lamentablemente producida nunha campaña electoral que é, sen dúbida, unha das maiores expresións da democracia xa que permite a confluencia pacífica de ideas."

D. Roberto Jorge Correa, concelleiro do BNG, integrante do grupo mixto, expón que neses termos non apoia o manifesto, que condena a violencia e non xustifica ese acto e o condena, pero non nos termos do manifesto que se acaba de leer.

Dña. Ana Isabel Doval Fraiz, voceira do PSdG-PSOE indica que lles parece ben o espírito do manifesto, pero quitaríalle ese verniz electoralista. Faría referencia á violencia ás autoridades e personaxes públicas os 365 días do ano, non en campaña electoral, polo que se podería redactar de outra maneira o texto. Apunta que condenan a agresión, do mesmo xeito que xa foi condenada por todos os partidos e por todos os medios de comunicación. Está de acordo en apoialo si se suprime o referente á campaña electoral.

Dña. María Abilleira Pomar, concelleira de F.F e integrante do grupo mixto está de acordo co que xa dixeron os outros concelleiros, no sentido de que apoia a condena á violencia, pero que se debería suprimir a referencia á campaña electoral.

D. Vicente Búa di que xusto se introduciu a mención á campaña electoral porque fai referencia á democracia.

Procede a votarse a urxencia deste asunto que se aproba por maioría absoluta do número legal de membros da corporación, sen votos en contra e ca única abstención do Sr. Concelleiro do BNG.

Sometido o texto do manifesto a votación, Dña. Ana Isabel Doval, voceira do PSdG-PSOE, indica que o seu grupo se vai abster, porque aínda que condenan a agresión entenden que o manifesto non debe ter contido electoralista.

- Votos a favor: seis (6), Sres./as concelleiros/as do PP
- Votos en contra: un (1), Sr. Concelleiro do BNG.
- Abstencións: tres (3), Sres./as concelleiro/as do PSdG-PSOE e F.F

Queda aprobado por maioría absoluta do número legal de membros da corporación o seguinte acordo:

"O Grupo Municipal do Partido Popular de Forcarei, quere presentar un comunicado de condena da agresión sufrida onte en Pontevedra, polo Presidente do Goberno e candidato do PP as vindeiras



eleccións Xerais, Mariano Rajoy Brey, e agarda obter o respaldo ao mesmo, por parte dos demais grupos municipais, aos que demanda a súa solidariedade ante un inxustificable acto de violencia.

Ao longo de case 40 anos todos os grupos políticos temos creado un clima de cordialidade e entendemento que deron como froito o maior desenvolvemento socioeconómico da historia de España.

Ese respecto mutuo, favoreceu a consolidación da democracia, que tanto nos custou acadar, máis aló das diferentes ideoloxías, e cremos, que ese debe ser un valor incuestionable neste país.

Consideramos, que ese principio, violouse onte co inconcibible ataque a Mariano Rajoy, e queremos transmitir a condena máis absoluta e sen fendas por este acto de violencia, ao igual que facemos con calquera outro tipo de situación similar na que o diálogo é substituído polos golpes.

Ante esta situación, reclamamos o apoio a esta declaración de condena ante unha agresión, lamentablemente producida nunha campaña electoral que é, sen dúbida, unha das maiores expresións da democracia xa que permite a confluencia pacífica de ideas."

E non tendo outros asuntos que tratar a Sra. Alcaldesa-Presidenta da Corporación, levanta a sesión, sendo as trece horas, co que se da por rematado o acto, estendéndose a presente acta que asina a Sra. Alcaldesa-Presidenta, comigo Secretaría, de todo o canto eu, dou fe.

Vlº e Pº

A Alcaldesa,



Asdo: Belén Caamaño Anta

A Secretaría,



Asdo: Mª Elena Suenes Fernandez